



Facultade de Ciencias da Educación

Universidade de Santiago de Compostela

**Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas  
Campus: Santiago de Compostela**

**Análise da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico Medio e Superior en Administración e Xestión dende unha perspectiva de xénero: un estudo de caso**

**Análisis de la competencia de emprendimiento del alumnado de los ciclos de Técnico Medio y Superior en Administración y Gestión desde una perspectiva de género: un estudio de caso**

**Analysis of the entrepreneurship competence of students of the Higher and Media Technician cycles in Administration and Management from a gender perspective: a case study**

**CURSO ACADÉMICO 2021-2022**

**Autora: Silvia Chaves Freire.**

**Titora: Raquel Mariño Fernández.**

## Agradecementos

O presente traballo constitúe unha homenaxe as diferentes docentes que contribuíron coa súa inestimable axuda ao resultado final deste proxecto. Gustaríame expresar, polo tanto, o meu agradecemento ás titoras dos dous grupos que participaron no cuestionario, así como a vicedirectora do IES Macías o Namorado de Padrón, pola súa imprescindible colaboración. Especialmente, quero recoñecer a miña gratitude á profesora María Barros, docente neste centro no que realicei o Practicum I por ser un exemplo de compromiso e responsabilidade cara o seu traballo como docente e quen, ademais de ser un referente profesional, gañouse o meu cariño e respecto.

Finalmente, e de xeito moi especial, desexo agradecer a axuda incansable da miña titora neste traballo, a profesora Raquel Mariño, de quen só podo expresar palabras de gratitude e admiración polo seu traballo e compromiso persoal co seu alumnado. Tendeume a súa man nun momento difícil no que tiveren que cambiar de titora, e no que, sen dubidalo, aceptou ser a miña nova titora. Por iso e por todo o que puiden aprender de Raquel durante este máster, quero deixar constancia do meu profundo agradecemento, converténdose para min nun referente do bo facer profesional e da súa nobreza persoal e xenerosidade.

A todas, moitas gracias.

Silvia Chaves.

## ÍNDICE

1. Introducción.....	4
2. Antecedentes de investigación.....	5
3. Marco teórico de referencia .....	8
3.1. A competencia de emprendemento.....	8
3.1.1. Características do/a emprendedor/a español/a .....	9
3.1.2. Factores presentes na adquisición e desenvolvemento da competencia de emprendemento .....	10
3.2. O emprendemento, a creación de empresas e o xénero: unha realidade mal resolta.	14
3.3. Importancia do emprendemento en Formación Profesional.....	18
4. Obxectivos de investigación .....	21
5. Contextualización da investigación .....	22
5.1. Marco institucional .....	22
5.2. Poboación e mostra.....	23
6. Metodoloxía.....	24
6.1. Enfoque metodolóxico.....	24
6.2. Instrumento de investigación: o cuestionario .....	25
6.2.1. Obxectivos do instrumento.....	26
6.2.2. Resultados da investigación .....	27
6.2.3. Discusión e pautas de futuro .....	40
7. Cronograma da investigación .....	45
8. Conclusións e valoración final.....	46
9. Referencias bibliográficas.....	47
10. Anexos.....	50
10.1. Cuestionario .....	50
10.2. Índice de táboas e gráficos .....	58
10.3. Consentimento asinado do centro e das titoras .....	60

## Resumo

Nos últimos anos son moitas as iniciativas postas en práctica, con máis ou menos éxito, co obxectivo de fomentar o emprendemento entre a poboación española e, especialmente, entre as mozas e mozos. Trátase dunha importante fonte de riqueza para a sociedade e a economía dun país, dado que co emprendemento xorden novas empresas, conséguense fomentar a innovación e a creatividade, supón a creación de postos de traballo e o desenvolvemento de novos produtos e servizos.

Neste estudo analízase o grao de adquisición da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico en Xestión Administrativa e Técnico Superior en Administración e Finanzas do IES Macías o Namorado de Padrón; para tal fin elaborouse un cuestionario de *Forms* composto por 23 items e que foi trasladado ao alumnado obxecto da presente investigación.

Os resultados obtidos amosan que, aínda que nestas titulacións se está a traballar co alumnado a competencia de emprendemento, os/as discentes non amosan unha clara intención emprendedora, decantándose maioritariamente por outras alternativas laborais; ademais advírtense certos prexuízos cara as condicións de vida dos traballadores por conta propia. Tamén se tivo en conta o xénero como un factor condicionante da vontade emprendedora do alumnado e do éxito ou viabilidade dos proxectos de emprendemento implantados.

### *Palabras clave*

Emprendemento, xénero, creación de empresas, formación profesional, empregabilidade.

## Resumen

En los últimos años son muchas las iniciativas puestas en práctica, con más o menos éxito, con el objetivo de fomentar el emprendimiento entre la población española y, especialmente, entre los/as jóvenes. Se trata de una importante fuente de riqueza para la sociedad y la economía de un país, dado que con el emprendimiento surgen nuevas empresas, se consigue fomentar la innovación y la creatividad, supone la creación de puestos de trabajo y el desarrollo de nuevos productos y servicios.

En este estudio se analiza el grado de adquisición de la competencia de emprendimiento del alumnado de los ciclos de Técnico en Gestión Administrativa y Técnico Superior en Administración y Finanzas del IES Macías o Namorado de Padrón; para tal fin se elaboró un cuestionario de *Forms* compuesto por 23 items y que fue trasladado al alumnado objeto de la presente investigación.

Los resultados obtenidos muestran que, aunque en estas titulaciones se está trabajando con el alumnado la competencia de emprendimiento, los/as discentes no muestran una clara intención emprendedora, decantándose mayoritariamente por otras alternativas laborales; además se advierten ciertos prejuicios hacia las condiciones de vida de los trabajadores por cuenta propia. También se tuvo en cuenta el género como un factor condicionante de la voluntad emprendedora del alumnado y del éxito o viabilidad de los proyectos de emprendimiento implementados.

#### *Palabras clave*

Emprendimiento, género, creación de empresas, formación profesional, empleabilidad.

#### **Abstract**

In recent years, many initiatives have been put into practice, with more or less success, with the aim of promoting entrepreneurship among the Spanish population and, especially, among young people. It is an important source of wealth for the society and economy of a country, given that with entrepreneurship new companies arise, innovation and creativity are fostered, it results in the creation of jobs and the development of new products and services.

This study analyzes the degree of acquisition of the entrepreneurial competence of the students of the cycles of Technician in Administrative Management and Higher Technician in Administration and Finance of the IES Macías or Namorado de Padrón; for this purpose, a *Forms* questionnaire composed of 23 items was developed and transferred to the students who are the object of this investigation.

The results obtained show that, although in these degrees the entrepreneurial competence is being worked on with the students, they do not show a clear entrepreneurial intention, mostly opting for other work alternatives; in addition, there are certain prejudices towards the living conditions of self-employed workers. Gender was also taken into account as a determining factor of the entrepreneurial will of the students and the success or viability of the entrepreneurial projects implemented.

#### *Keywords*

Entrepreneurship, gender, business creation, vocational education and training, employability.

## 1. Introducción

O presente traballo englobase dentro da modalidade A do módulo formativo de Traballo Fin de Máster, e requisito necesario para superar o Máster en Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas. Este traballo, permítiume, por tanto, dar maior cobertura ás competencias que se propoñen dentro do mesmo, e recollidas na páxina dúas da Guía do Traballo Fin de Máster 2021/2022.

Para encadrar o enfoque deste TFM cabe dicir que nos atopamos nun momento socio laboral complexo, no que a economía mundial e a española, en particular, pasan por momentos críticos nos que é difícil atopar a senda do crecemento económico, sobre todo no referido aos datos de emprego. Neste eido, e dada a miña traxectoria formativo-profesional, resulta fundamental levar a cabo un estudo de caso sobre o grao de adquisición da competencia de emprendemento entre o alumnado dun IES, como unha boa alternativa laboral de cara á súa futura inserción profesional.

Outra razón de peso radica nas elevadas taxas de desemprego que, a día de hoxe, constitúen un dos principais problemas do panorama económico de España. Esta realidade incrementa a miña motivación, como futura docente, para estudar, coñecer e identificar cal é a valoración que este alumnado de Formación Profesional realiza da opción de emprender o seu propio negocio, entendendo que o traballo por conta allea é unha boa alternativa profesional na nosa realidade autonómica.

Por conseguinte, con este estudo preténdese coñecer o grao de adquisición e desenvolvemento da competencia de emprendemento, a través da valoración do alumnado sobre a formación recibida nesta competencia, as súas preferencias metodolóxicas á hora de ampliar coñecementos sobre esta destreza, as percepcións sobre as vantaxes e principais dificultades ou barreiras existentes na posta en marcha dun proxecto empresarial propio, así como a súa motivación e metas profesionais de emprendemento, de cara a mellorar a súa futura empregabilidade. A mostra seleccionada está conformada polo alumnado de primeiro curso de dúas titulacións, unha de grao medio e outra de grao superior, pertencentes á familia profesional de Administración e Xestión dun centro galego pertencente á comarca do Sar.

En canto á estrutura deste traballo, na primeira parte do mesmo, preséntase unha breve recompilación de estudos previos relacionados coa temática obxecto de análise, destacando os datos máis significativos desas investigacións que, como antecedentes, constitúen o punto de partida do presente proxecto.

A continuación móstranse uns referentes teóricos que nos permiten xustificar a relevancia e necesidade de traballar esta temática nesta contorna de Formación Profesional. Neste sentido, en primeiro lugar establécense cales son os principais trazos característicos do/a emprendedor/a en España, así como aqueles factores, tanto persoais como sociais, presentes naquelas persoas que teñen desenvolvemento e interiorizada a competencia de emprendemento. Cabe sinalar que esta investigación se executará aplicando a perspectiva de xénero, posto que da revisión bibliográfica realizada advírtese que o xénero do/a emprendedor/a ten importantes repercusións sobre a viabilidade e éxito dos proxectos emprendedores postos en funcionamento.

A continuación preséntanse os obxectivos sobre os que se fundamenta o presente proxecto e en base aos que se deseñará posteriormente o proceso de investigación. Seguidamente tamén se amosa unha breve descrición do contexto no que se encadra este estudo, analizando o marco institucional do centro e a mostra sobre a que se centra esta investigación.

A seguinte parte deste traballo céntrase na parte empírica; así, pártese dunha explicación sobre o enfoque metodolóxico aplicado e do instrumento de investigación que se decidiu implantar neste proxecto. Óptase por empregar unha metodoloxía cuantitativa, mediante o deseño e aplicación dun cuestionario dixitalizado. A partir dos resultados obtidos e analizados, preséntase unha discusión dos mesmos que remata co establecemento de pautas de investigación futuras e melloras formativas a desenvolver en contornas de formación profesional afíns a esta realidade e sector profesional.

## **2. Antecedentes de investigación**

O emprendemento é unha das vías máis importantes nunha sociedade para a aparición de novas empresas, o fomento da innovación, a creación de postos de traballo e o desenvolvemento de novos produtos ou servizos. Dada a transcendencia que ten o emprendemento para a economía dunha nación, en España son moitas as iniciativas que nos últimos anos se están poñendo en marcha para fomentar o espírito emprendedor entre a poboación, e especialmente entre as mozas e mozos. Deste modo, a formación na competencia de emprendemento estase a introducir de xeito progresivo nos currículos dos diferentes niveis formativos. Así, a Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, establece que se debe traballar co alumnado varias das competencias avaladas polos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030, sendo unha delas a competencia de emprendemento.

Como se sinalou anteriormente, son moitas as propostas que se están implantando nos diferentes niveis de ensinanzas para o desenvolvemento da competencia de emprendemento por parte do alumnado. Pero, no ámbito específico da Formación Profesional, destaca a iniciativa presentada dentro do Plan de Modernización da Formación Profesional consistente na creación das denominadas Aulas de Emprendemento. Esta iniciativa pretende converter aos centros educativos de Formación Profesional nun lugar de referencia para o alumnado que decida emprender e crear o seu propio negocio, constituíndo unha estratexia para impulsar as habilidades persoais e profesionais encamiñadas a potenciar o emprendemento e o autoemprego do alumnado.

O programa Aulas de Emprendemento na Formación Profesional ten como obxectivo a creación destes espazos nos centros educativos públicos que impartan ensinanzas de grao medio ou superior de Formación Profesional co obxectivo de canalizar as iniciativas emprendedoras dos/as estudantes, en particular do alumnado que está próximo a finalizar os seus estudos. Esta medida pretende facilitar a súa inserción e desenvolvemento no mercado laboral, tamén como traballadores por conta propia.

Polo tanto, o emprendemento é considerado como un pilar básico para o desenvolvemento económico dun país, establecéndose como un eixo transversal nos currículos educativos. Por tal razón, o estudo dos resultados obtidos desta estratexia de fomento da competencia de emprendemento entre o alumnado, converteuse nun tema clave en números traballos e análises. Así por exemplo, en García (2013) trátanse de determinar as achegas da formación para o emprendemento mediante a metodoloxía de Ensinanza por Proxectos, fundamentada na necesidade de motivar a competencia de emprendemento dentro das prácticas escolares, como unha estratexia para fortalecer capacidades nos individuos para a autoxestión e proxección de cada suxeito na súa contorna. Destácase a importancia de incentivar este tipo de procesos na escola, permitindo recrear ambientes para a xeración de actitudes emprendedoras, para a aprendizaxe significativa, a interdisciplinaridade e o fortalecemento do proxecto de vida dos/as estudantes. Algunha das conclusións desta investigación xiran en torno á dinamización que se debe dar entre o sector educativo e a contorna, á importancia de aproximar a escola ás realidades contextuais do estudante e á vinculación da pedagogía por proxectos, que potencia o labor educativo e permite o fortalecemento da convivencia e o desenvolvemento de habilidades e da cultura emprendedora dende a escola.

En González e Viera (2020) preséntase un estudo que ten como finalidade profundar no concepto de emprendemento e nas prácticas postas en marcha para o seu fomento na Educación Primaria e Secundaria. Como principais conclusións establececese que as prácticas educativas

postas en práctica ata o momento para fomentar a competencia de emprendemento entre o alumnado destes niveis educativos atópanse aínda pouco consolidadas, xa que se desenvolven a través de actividades puntuais en determinadas materias e en relación a certos contidos. Non obstante, a través das propostas que se están levando a cabo inténtase desenvolver no alumnado habilidades, actitudes e ideas necesarias para a creación e posta en marcha das súas propias empresas, fomentando as súas capacidades de innovación e creatividade.

Este estudo tamén destaca que en ambas etapas educativas inténtanse implantar prácticas educativas orientadas ao emprendemento social. Porén, existen diferenzas na metodoloxía de ensinanza-aprendizaxe empregada en cada etapa educativa, posto que na Educación Secundaria profúndase en maior medida na creación dunha empresa, mentres que na Educación Primaria incídese no desenvolvemento da creatividade dos/as alumnos/as. Finalmente, neste estudo tamén se sinalan certas limitacións á hora de introducir estes contidos nas contornas educativas, entre as que se atopa a falta de formación do profesorado nesta temática, a escaseza de recursos económicos e humanos e o emprego de métodos ineficaces para desenvolver a competencia de emprendemento entre os/as estudantes.

Por outra parte, tamén se ten analizado en diversos estudos a competencia de emprendemento entre o alumnado de Formación Profesional. Neste senso, en Monzón e Torres (2021) trabállase esta temática, centrándose nas empresas con fins sociais ou empresas da Economía social. Estas entidades son consideradas como unha opción empresarial innovadora, inclusiva e sostible, converténdose nunha posible solución aos desafíos sociais, económicos e medioambientais aos que se enfronta a sociedade actual. Polo tanto, este estudo deséñase coa misión de xerar datos que permitan crear ou mellorar os programas xa existentes orientados ao fomento da competencia de emprendemento entre o alumnado.

A mencionada investigación fixa como o seu obxectivo principal caracterizar e comparar aos/as estudantes que participan nun proceso formativo de emprendemento impartido nos Centros de Formación Profesional da Comunidade Autónoma do País Vasco. Trátase de determinar cales son os principais atributos persoais relacionados coa intención emprendedora do alumnado, así como determinar cales son os trazos persoais que inflúen na intención de crear unha empresa de Economía Social. Os resultados da investigación realizada amosan que os grupos conformados por emprendedores/as potenciais e por non emprendedores/as son, en xeral, bastante homoxéneos. Amais, tamén se identificou unha variable que aumenta de xeito significativo a probabilidade de emprender socialmente, a solidariedade.

Así, comprobamos que o estudo da competencia de emprendemento entre o alumnado é unha temática amplamente analizada. Neste senso, o presente proxecto tratará de determinar o grao

de desenvolvemento desta competencia nos/as estudantes de Formación Profesional dos títulos de Técnico en Xestión Administrativa e Técnico Superior en Administración e Finanzas nun centro educativo da comarca do Sar, na provincia da Coruña.

### **3. Marco teórico de referencia**

#### **3.1. A competencia de emprendemento**

O emprendemento empresarial é unha das principais vías para o fomento do crecemento e desenvolvemento económico dun país, converténdose este aspecto, polo tanto, nun factor clave para o éxito dun estado. Por iso, existe un grande interese por coñecer a conducta emprendedora, converténdose a intención emprendedora da poboación nun tema analizado en diversas áreas do coñecemento como a economía, psicoloxía, socioloxía, etc...

Tratando de achegarnos a unha definición do concepto de emprendemento, Lozano y Villanueva (2021) sinalan que “o emprendemento tradúcese nun tipo de pensamento, razoamento e actuación que pretende dar solucións ás necesidades, encontrar e resaltar oportunidades, facer un balance do risco e afrontalo, e adaptable ao cambio” (p. 26).

No ano 2016, a Comisión Europea desenvolveu o marco de referencia “EntreComp”, *Marco europeo de la competencia emprendedora*, no que se define o emprendemento como “unha competencia transversal que se aplica a tódolos ámbitos da vida, dende promover o desenvolvemento persoal ata participar activamente na sociedade, (re)acceder ao mercado laboral como empregado ou como autónomo e tamén crear empresas de valor cultural, social ou comercial”. Nesta liña, en Salinas (2022) sinálase o seguinte:

Cando se fala de competencia emprendedora, non se refire unicamente ás actividades económicas, á creación empresarial e ás habilidades sociais como a organización, planificación, asunción de riscos, división de tarefas, etc...; senón que fai referencia a unha visión máis ampla onde se ten en conta a capacidade das persoas de identificar e aproveitar oportunidades, de aprender a adoptar decisións e a acadar acordos, de pasar das ideas á acción, de crear un sentido de responsabilidade y profesionalidade e de planificar e dirixir os procesos para acadar obxectivos. (pp. 65-66)

No emprendemento, a motivación xoga un papel protagonista, posto que a motivación condiciona o modo de actuar do/a emprendedor/a. Polo tanto, primeiramente é importante destacar que “se pode definir a motivación como o proceso psicolóxico polo que alguén se propón un obxectivo, emprega os medio adecuados e mantén a conducta co fin de conseguir

dita meta” (Maslow, 1954; citado en Coduras, 2006). Por outra parte, “a intención emprendedora pode ser definida como o estado da mente no que a atención dunha persoa se centra no cumprimento dun obxectivo, neste caso, a creación dunha empresa ou negocio, o que ten certa influencia nas accións a tomar polo individuo para chegar a dito obxectivo” (Prodan e Drnovsek, 2010; citado en Valencia, Montoya e Montoya, 2016, p. 883).

Dende as institucións públicas impúlsanse numerosas estratexias que tratan de promover a “figura do emprendedor, unha entidade considerada como fonte de innovación, de xeración de riqueza, e, por suposto de emprego” (Coduras, 2006). Non obstante, aínda que se busca potenciar a iniciativa emprendedora entre a poboación, “unha elevada porcentaxe de mozos non contempla a opción empresarial como unha saída profesional atractiva ou, dito noutras palabras, a maioría dos mozos non se sente motivado para ser emprendedor” (Coduras, 2006).

Para materializar esta análise é necesario achegarse ao mundo dos/as adolescentes, para observar variables que permitan extraer conclusións sobre as súas ideas e proxeccións de futuro no campo do traballo por conta propia e sobre o seu interese na creación de negocios e empresas.

### 3.1.1. Características do/a emprendedor/a español/a

Os datos recollidos na táboa 1 amosan que a base empresarial no noso país, e tamén en Galicia, caracterízase por estar constituída maioritariamente por pequenas empresas de carácter familiar, creadas por persoas cun baixo nivel de cualificación e sen perspectivas de crecemento futuro, centradas no curto prazo. O tecido empresarial componse por máis dun 50% de empresas que non contan con traballadores asalariados, de xeito que os datos confirman o individualismo empresarial no noso país, dada a reducida dimensión das empresas e o seu carácter familiar.

#### Táboa 1

*Número de empresas en España e Galicia segundo o número de asalariados (2021)*

	Sen asalariados	De 1 a 2	De 3 a 5	De 6 a 9	De 10 a 19	De 20 ou máis asalariados
<b>España</b>	1.879.126	920.321	304.095	120.828	75.522	66.678
	56%	27%	9%	4%	2%	2%
<b>Galicia</b>	103.784	58.306	18.489	6.962	3.936	3.180
	53%	30%	9%	4%	2%	2%


Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

Esta tendencia obsérvase nos datos sobre o número de traballadores por conta propia dende o ano 2006 (gráfico 1), que mostran que en España hai unha cantidade importante de traballadores autónomos, aínda que a partir da crise económica mundial iniciada no ano 2008, os datos nunca

recuperaron os valores anteriores a ese momento. Realizando unha análise por sexos, compróbase que a porcentaxe de mulleres traballadoras por conta propia, dentro do total, se mantén estable nos últimos anos, situándose nun 34% do total, o que demostra que a día de hoxe seguen existindo dificultades para o emprendemento feminino.

### Gráfico 1

*Traballadores por conta propia en España 2006-2021*



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

#### 3.1.2. Factores presentes na adquisición e desenvolvemento da competencia de emprendemento

Falar de emprendemento require coñecer como se desenvolve todo o proceso de adquisición e que elementos facilitan, condicionan ou están presentes no mesmo. Cando nos referimos á competencia emprendedora, entendemos que:

Falamos dun concepto multidimensional que inclúe valores persoais, tales como a creatividade, a disposición positiva para a innovación e o cambio, a confianza nun mesmo, a motivación de logro, o liderado, a aceptación do fracaso como fonte de experiencia, e as actitudes de cooperación e de traballo en equipo. E a súa vez incorpora o gusto polo traballo ben feito, valorar os logros e a eficacia na actividade, a planificación dos proxectos e a constancia e saber facer para completalos e implantalos con éxito, aprendendo a incorporar os cambios necesarios para mellorar a próxima vez. (Pellicer, 2014, p. 8)

A literatura académica especializada distingue entre dous motivos xerais para emprender: o aproveitamento dunha oportunidade e a necesidade. No primeiro caso, a persoa emprende porque se lle presenta ou busca unha oportunidade de negocio, e non o fai, como no segundo

caso, porque non ten outras alternativas de traballo e necesita desenvolver a súa propia iniciativa para subsistir (Coduras, 2006).

A continuación vanse a presentar varios referentes clave, compartidos polos autores e autoras da literatura cotexada, que resultan fundamentais no marco do emprendemento:

### *1. Aspectos persoais e sociais comúns nos/as emprendedores/as.*

Tal e como se menciona en Pellicer (2014):

Psicólogos, sociólogos e economistas descubriron que os/as emprendedores/as comparten con frecuencia algunhas disposicións ou trazos psicolóxicos e que os motivan aspectos similares. Deste modo, parece existir certo consenso en que os alumnos máis emprendedores cumpran coas seguintes características:

- Necesidade de logro: este concepto atópase intimamente ligado co de motivación. Non se moven só pola recompensa inmediata, senón que senten o impulso de facer as cousas ben, de ter éxito nas súas actuacións e de acadar certos estándares de excelencia. É, polo tanto, o desexo das persoas de acadar os seus obxectivos mediante o esforzo persoal.
- Persistencia na tarefa: esta característica do emprendedor describe a aquelas persoas con capacidade para mudar as súas estratexias cando sexa necesario para chegar a acadar o obxectivo fixado.
- Confianza en si mesmo: non se trata de ser prepotentes ou soberbios, pero si realistas sobre as súas carencias e fortalezas. Se teñen unha sólida e axustada visión de quen son e de que son capaces, poderán afrontar adecuadamente aos problemas e desafíos que se lles presentan en calquera circunstancia da vida.
- Liderado: poucas cousas se fan completamente sos, e cando realizamos algo con outras persoas non todos poden mandar. O liderado non necesariamente supón poder. Implica influír sobre as persoas para que voluntariamente se unan ao logro dos obxectivos grupais. Necesitan as habilidades de comunicación, visión de futuro e a paixón por unir forzas nas tarefas e os compromisos comúns.
- Autonomía: é sentirse dono dun mesmo. O emprendedor necesariamente tende a un forte locus de control interno e a non botarlle a culpa sempre ao que pasa fora senón que afronta a súa propia responsabilidade e posibilidades de xestionar os recursos dispoñibles. (pp. 7-8)

Por outra banda, cabe salientar que os/as emprendedores/as, ademais de compartir certos trazos persoais característicos, tamén presenta en común certas características sociais e demográficas.

Neste sentido, numerosos estudos analizaron aquelas variables que se consideran determinantes para a creación de novas empresas e proxectos de emprendemento. Así, Ubierna (2015) sinalou o seguinte:

As variables máis amplamente estudadas son o xénero, a idade, o nivel educativo, a experiencia laboral e os antecedentes familiares:

- **Xénero**

Nos últimos anos proliferaron os estudos relativos ao papel da muller na creación de empresas, tratando de analizar que xénero é máis emprendedor, o que a súa vez deu lugar á creación de diferentes iniciativas para impulsar a participación e incremento do espírito emprendedor das mulleres (Minniti y Nardone, 2007). A literatura sobre a creación de empresas vinculou frecuentemente o xénero coa creación de empresas, destacando que o sexo masculino habitualmente destaca nos emprendedores (Hernández, 2013).

- **Idade**

A idade, como variable de influencia na creación de empresas, igualmente esta sendo obxecto de amplo estudo nos últimos anos. Algunha das razóns para esta influencia son citadas por Fernández e Junquera (2001), que consideran que coa idade diminúen certas aptitudes para detectar oportunidades, e que os mozos teñen coñecementos máis actualizados e normalmente son máis propensos ao risco.

- **Nivel educativo**

A influencia da formación dos emprendedores non está clara na literatura de creación de empresas. Demostrouse empiricamente a grande influencia no desenvolvemento da intención emprendedora, pois incrementa a desexabilidade cara a creación de empresas, que supón recibir unha formación específica emprendedora (Peterman e Kennedy, 2003). Algúns autores indican en recentes investigacións que o efecto é moito máis positivo en persoas que previamente non tiñan ningunha exposición cara o emprendemento fronte aos que xa a tiñan, nos que esta formación pode chegar a ser contraproducente (Fayolle y Gailly, 2015).

- **Experiencia laboral**

Ao igual que coa formación, numerosos estudos relacionan a experiencia laboral como un factor positivo na creación e desenvolvemento con éxito de proxectos emprendedores. Robinson e Sexton (1994) tamén atoparon unha relación significativa entre experiencia e converterse en emprendedor, se ben menos forte que no caso da formación. Majid et. al (2011) realizaron un estudo en Malaisia que demostra a influencia dunha experiencia tecnolóxica previa na creación de empresas de base tecnolóxica.

O impacto sobre a intención emprendedora puido vir dado por un mellor recoñecemento de oportunidades empresariais froito dun coñecemento do mercado e actividades produtivas acadado no exercicio da actividade profesional.

- **Antecedentes familiares**

O feito de que moitos emprendedores proveñan de familias nas que existe un emprendedor, principalmente na figura dos pais, foi demostrado empiricamente en numerosos estudos. Litvak e Maule (1996) realizaron un estudo en Canadá analizando as características técnicas dos emprendedores comparando as mesmas con outros estudos de Estados Unidos e Reino Unido, con especial referencia aos antecedentes e contorna que rodea ao emprendedor. (pp.243-244)

## ***2. Elementos que dificultan o proceso de emprendemento.***

Á hora de analizar a motivación emprendedora da poboación, hai que ter en conta o custo de oportunidade de ser empresario; isto é, o traballo por conta allea. Polo tanto, como condicionantes da vontade emprendedora tradicionalmente identifícanse certos aspectos inherentes ao/á emprendedor/a, que mencionamos anteriormente, pero tamén hai que ter en conta que existen outras circunstancias alleas á personalidade do/a futuro/a emprendedor/a, factores externos, que poden condicionar en gran medida a decisión de poñer en marcha un negocio propio. É dicir, calquera persoa valorará as vantaxes e os inconvenientes de dirixir o seu propio negocio ou, pola contra, de traballar por conta allea, sen asumir riscos persoais. Desta forma, “a non existencia de espírito emprendedor non procede unicamente das valoracións negativas sobre a actividade emprendedora senón que, aínda no caso da existencia de valoracións positivas, eses valores vense minorados pola valoración do atractivo de ser empregado, de maneira que a opción final preferida non sexa o autoemprego” (Zapico, Nieto e Muñoz, 2008, p. 189).

## ***3. A importancia do sistema educativo no fomento da competencia de emprendemento.***

O sistema educativo pode favorecer a creación e expansión de novas empresas, aínda que para promover a iniciativa emprendedora son necesarias medidas orientadas en dous sentidos. En primeiro lugar, son precisas estratexias que animen ás mozas e mozos a emprender, aportándolle un nivel formativo de calidade que lles permita desenvolver as actitudes necesarias para conseguir os obxectivos que se propoñan. E, por outra banda, tamén resulta imprescindible crear unha contorna axeitada para o xurdimento, crecemento e transmisión de empresas e negocios. Así, “na maioría dos países europeos inclúese a competencia de emprendemento no

currículo de Primaria, Secundaria e Formación Profesional, sendo ademais unha competencia transversal das titulacións universitarias” (Prendes, 2022, p. 4).

Como se menciona en Morales e Ariza (2013) “o emprendemento é un concepto amplo que vai máis aló da idea de xerar empresas, é unha postura fronte a vida e, moi posiblemente, de por vida” (p. 32). No mesmo estudo afirmase o seguinte:

En termos de liñas estratéxicas básicas está a necesidade de xerar unha capacidade emprendedora, para o que é fundamental acadar unha sociedade máis democrática, partindo por provocar un cambio cultural profundo no ámbito educativo, que posibilite a conformación dun capital social importante, que favoreza unha distribución máis equitativa do coñecemento, minorando as fendas actualmente existentes, o que potenciará unha maior equidade e igualdade de oportunidades. (p. 33)

Con todo o exposto ata o momento, concluímos que resulta fundamental promover e fomentar a inquietude emprendedora da xuventude, mellorando a formación e preparación dos futuros empresarios, a través do reforzo e potenciación da Formación Profesional. “A formación en emprendemento polo tanto segue adquirindo se cabe máis relevancia, corroborando a tendencia da última década na que non só se orienta a aspectos de xestión, senón ao desenvolvemento dun conxunto de competencias máis amplo” (Armuña et. al, 2022, p. 37).

Deste xeito, esta investigación ten como finalidade analizar e estudar as respostas dadas polos/as alumnos/as que conforman a mostra obxecto de estudo, investigando sobre as súas inquietudes emprendedoras e sobre o seu interese por desenvolver un negocio propio, é dicir, coñecer o seu grao de adquisición e desenvolvemento da competencia de emprendemento.

### **3.2. O emprendemento, a creación de empresas e o xénero: unha realidade mal resolta.**

O presente estudo elabórase dende unha perspectiva de xénero, posto que, tal e como se sinalou anteriormente, numerosos estudos previos detectan diferenzas no grao de desenvolvemento da competencia emprendedora segundo o sexo. O dereito a igualdade entre mulleres e homes garántese polo articulado na Constitución Española de 1978, que establece no seu artigo 1.1 CE que “España constitúese nun Estado social e democrático de dereito, que propugna como valores superiores do seu ordenamento xurídico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político”. Ademais, no artigo 9.2 CE a carta magna propugna que “correspóndelle aos poderes públicos promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e mais dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; removeren os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitaren a participación de tódolos cidadáns na vida política,

económica, cultural e social". Nesta liña, no seu artigo 14 CE establécese que "os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social". E, en relación, ao dereito ao traballo, no artigo 35 CE recoñécese que "tódolos españois teñen o deber de traballar e o dereito ó traballo, á libre elección de profesión ou oficio, á promoción a través do traballo e a unha remuneración suficiente para satisfaceren as súas necesidades e as da súa familia, sen que en ningún caso se poida facer discriminación por razón de sexo".


A pesar de que a igualdade e a non discriminación por razón de sexo son dereitos fundamentais recollidos dentro da Constitución Española, o certo é que no mercado de traballo español seguen existindo certas diferenzas entre mulleres e homes. Así, por exemplo, na actualidade os datos seguen mostrando unha forte segregación por sexos en certas contornas laborais, aínda que semella que non existen barreiras para a elección profesional. Non obstante, "se ben non existen barreiras (en tanto que obstáculos) directas, si existen e ademais operan dende a infancia numerosos mecanismos indirectos, invisibles, que condicionan, limitan, encarrilan as nosas decisións vitais e profesionais" (Padilla, 2009, p. 36). A literatura pon de manifesto que son factores de carácter social, como a asignación de roles en función do xénero, os que están detrás da fenda de xénero (Ortiz e Olaz, 2018).

Segundo López e Santos (2013), son dúas as causas que determinan as diferenzas existentes entre homes e mulleres no mercado de traballo español. Unha delas atópase relacionada con factores educacionais, que seguen tendo un peso elevado na conciencia social, xa que aínda quedan reminiscencias dun pensamento machista dominante existente fai tempo. E a outra ten estreita vinculación coa falta de asunción do traballo doméstico e de coidados por parte dos homes, o que supón que moitas mulleres vexan interrompidas as súas carreiras profesionais por mor de circunstancias como o coidado de nenos ou persoas dependentes, o que dificulta en moitos casos o seu desenvolvemento profesional, a súa incorporación ao mundo laboral e que sufran en maior medida os estragos do desemprego.

Nas últimas décadas foise incrementando de xeito constante a incorporación da muller ao mercado laboral, o que se traduce en maiores taxas de ocupación para as mulleres, pero tamén nunha caída constante das taxas de natalidade, tal e como se mostra no gráfico 2. Os datos amosan que as mulleres se atopan con maiores dificultades para poder conciliar a vida familiar e laboral que os homes. Así, mentres que os homes poden compaxinar de forma máis doada a súa vida profesional coa persoal e familiar, as mulleres vense na obriga de escoller entre os dous ámbitos, posto que ou renuncian a ter fillos, ou se os teñen vense na obriga de frear a súa traxectoria profesional.

## Gráfico 2

*Taxas de ocupación femininas e taxas de natalidade en Galicia e España*



Fonte: elaboración propia a partir de datos do INE.

Por outra banda, as estatísticas oficiais constatan diferenzas de xénero á hora de optar por un dos diferentes grupos vocacionais. Está claro que nos mozos e nas mozas inflúen as marcas que os roles sociais atribuídos a cada xénero deixan na sociedade (Luengo e Gutiérrez, 2003). Nesta liña, Mariño e Queiruga (2015) sinalaron o seguinte:

Se observamos o mercado laboral actual detidamente vemos que as mulleres ocupan menos postos de traballo remunerado e menos postos de traballo, en xeral; teñen máis dificultades para acceder a un emprego remunerado; abandonan máis o mercado de traballo; teñen máis emprego a tempo parcial; ocupan postos que seguen estando marcados por estereotipos sexistas xa que as mulleres seguen estando empregadas en postos que, por tradición social, se consideran para elas (limpeza, enfermería, azafata...) e os homes, naqueles traballos que se consideran para eles (construción, mecánica). (p.586)

Neste senso, os datos facilitados polo Instituto Nacional de Estatística (INE) amosan que no ano 2021 o 51,09% das mulleres ocupadas están empregadas no comercio, educación, sanidade e hostalería. Non obstante, os homes seguen tendo unha presenza maioritaria noutros sectores como o industrial, construción, comercio ou transporte. Polo tanto, resulta importante destacar que, mentres que as mulleres optan por alternativas relacionadas coas persoas, a educación, o turismo ou comercio, os homes inclínanse en maior medida por contornas industriais, tecnolóxicas e competitivas. "Na actualidade as mulleres presentan e acadan iguais niveis de cualificación que os seus compañeiros varóns, non obstante seguen carecendo das mesmas

oportunidades e facilidades de inserción laboral en determinadas contornas profesionais (Mariño, 2008, p. 373).

O Observatorio do Emprendemento de España (GEM), no Informe GEM España 2020-2021, sinala que no ano 2020 as mulleres emprendedoras seguen mantendo un perfil máis conservador que os homes, percibindo menos oportunidades, tendo máis medo ao fracaso e valorando menos favorablemente a cultura emprendedora da súa contorna. A actividade emprendedora total feminina resentiu-se coa crise sanitaria da COVID-19 e freou a súa tendencia ascendente. Por outra banda, este informe sinala que a motivación de xerar riqueza ou unha renda moi alta é menos acentuada para as mulleres que para os homes, mentres que mulleres e homes emprenden na mesma medida cando o fan para continuar cunha tradición familiar.

Este informe reflexa diferenzas na intención emprendedora por sexos en función da idade, sinalando que as mulleres entre 35 e 44 anos emprenden en maior medida que os homes nese mesmo tramo de idade, mentres que o fan en menor medida que os homes no tramo de idade entre 55 e 64 anos. Estes datos poden explicarse por diversas razóns entre as que se atopan as maiores dificultades de acceso das mulleres ao mercado laboral ou de progresión e ascenso no mesmo, ademais de acentuarse no tramo de idade que coincide co ciclo vital de tenencia e coidado de fillos. Polo tanto, o emprendemento para moitas mulleres supón unha opción para facer máis compatible a súa vida persoal e profesional.

Ademais, o informe GEM tamén sinala que as mulleres emprenden máis que os homes para niveis de renda máis baixos, e, pola contra, emprenden menos que eles cando se sitúan en superiores niveis de renda. Desta forma, a menor disposición de renda parece ser un maior aliciente para as mulleres, que emprenden relativamente máis que os homes en menores niveis de renda, o que podería ser consecuencia, entre outros factores, de atoparse máis afectadas pola precariedade laboral ou a falta de estabilidade.

Tal e como se sinala en Lozano e Villanueva (2021), existen importantes diferenzas entre mulleres e homes no emprendemento, que se basean principalmente nas motivacións existentes á hora de crear empresas máis que no propio perfil do/a emprendedor/a. Deste xeito, as motivacións dos homes atópanse influenciadas en maior medida por "*pull factors*", é dicir, factores de atracción, entre os que se atopa, por exemplo, o desexo de ter ingresos económicos máis elevados. Non obstante, as motivacións das mulleres proveñen dos "*push factors*", é dicir, factores de empuxe, como a necesidade de conciliar a vida laboral e familiar, as dificultades para chegar a postos directivos como traballadoras por conta allea ou o difícil acceso ao mercado laboral e os despidos. Polo tanto, as mulleres emprenden por necesidade e os homes pola oportunidade que supón.

### 3.3. Importancia do emprendemento en Formación Profesional

Os estudos de Formación Profesional experimentaron nos últimos anos unha importante expansión no número de alumnos/as e titulacións. Os datos analizados na táboa 2 mostran como dende o curso 2016/2017 ata o 2019/2020 o número de alumnos/as matriculados/as en ciclos formativos básico e de grao medio e superior aumentou no conxunto español en máis de 100.000 estudantes e no caso da Comunidade Autónoma de Galicia en máis de 3.000 alumnos/as.

Por outra parte, é importante sinalar que no nivel educativo de Formación Profesional existe unha manifesta diferenza entre o número de alumnas e alumnos, sendo aínda actualmente inferior a participación feminina nestes estudos, tanto no ámbito estatal como no galego. Neste senso, Rial, Mariño e Rego (2011) afirman que “non foi ata o ano 1990 cando coa aparición da Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (BOE 04/10/1990), se introduce o principio de igualdade de oportunidades para alumnas e alumnos en todo o sistema educativo. A partir da formulación desta lei, a participación feminina nos estudos de Formación Profesional foi aumentando paulatinamente” (p. 4).

#### Táboa 2

*Alumnado matriculado en Formación Profesional en Galicia e España*

	2016-2017		2019-2020	
	España	Galicia	España	Galicia
<b>Mulleres</b>	347.945	21.675	398.838	23.080
<b>Homes</b>	443.440	27.757	492.667	30.055
<b>Total</b>	791.385	49.432	891.505	53.135

Fonte: elaboración propia a partir de datos do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

As sucesivas reformas educativas traballaron por mellorar o prestixio e os resultados da Formación Profesional, facilitando a incorporación ao mercado laboral de mozas e mozos altamente cualificados, dando ademais resposta ás necesidades formativas do sistema produtivo. Deste modo, a Formación Profesional organízase en ciclos formativos de grao medio e superior, constituídos en áreas do coñecemento vinculadas con diversas áreas profesionais e organizados en módulos formativos teóricos e prácticos. Así, na actualidade en España ofértanse máis de 150 ciclos formativos dentro de 26 familias profesionais, con contidos teóricos e prácticos adaptados aos diversos campos profesionais.

Ademais, as distintas reformas educativas instauradas durante as últimas décadas traballaron por un progresivo fomento do espírito emprendedor no sistema educativo en xeral, e de xeito particular, dentro dos estudos de Formación Profesional. A nova lei 3/2022, de Ordenación e Integración da Formación Profesional, trata de contribuír ao incremento da cultura de emprendemento. No seu Título VIII recóllense aspectos sobre a innovación, investigación e emprendemento, referendando xuridicamente a competencia de emprendemento que, por razóns diversas, sempre se asociara co ámbito universitario. Así, nesta lei establécese que as ofertas de Formación Profesional incluírán orientación e apoio para o emprendemento, actividades de fomento da cultura emprendedora, do sentido da iniciativa e a capacidade de iniciar novos proxectos empresariais vinculados ao sector produtivo para o que se forman, favorecendo a creación de empresas.

Dentro desta liña de traballo, os Ministros de Educación e Formación Profesional dos Estados membros, os países candidatos á Unión Europea e os Estados do Espazo Económico Europeo, os interlocutores sociais europeos e a Comisión Europea, reuníronse o 30 de Novembro de 2020 para acordar coa declaración de *Osnabrück*, un novo conxunto de accións políticas en materia de Formación Profesional para o período 2021-2025 a prol de complementar e facer operativos a visión e os obxectivos estratéxicos formulados na Recomendación do Consello sobre a Educación e a Formación Profesional para unha competitividade, a equidade social e a resiliencia. Así, esta Declaración, dentro do seu Obxectivo 1 centrado na resiliencia e excelencia a través dunha Formación Profesional de calidade, inclusiva e flexible, fixa como un resultado, a curto prazo, desenvolver e fortalecer os centros de excelencia profesional como incubadoras innovadoras e ecosistemas de competencias que abarquen actividades de aprendizaxe, formación e investigación, a Formación Profesional, a Educación Superior e a investigación en sectores seleccionados ou desafíos socioeconómicos, incluído o apoio ao emprendemento e aos recursos dixitais e innovadores da Formación Profesional para todos/as.

Neste senso, a lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, establece no título I de apoio á iniciativa emprendedora un primeiro capítulo centrado na educación en emprendemento. E dentro do mesmo establece que os currículos de Educación Primaria, Secundaria Obrigatoria, Bacharelato e Formación Profesional incorporarán obxectivos, competencias, contidos e criterios de avaliación da formación orientados ao desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor, a adquisición de competencias para a creación e desenvolvemento dos diversos modelos de empresas e o fomento da igualdade de oportunidades e do respecto ao emprendedor e ao empresario, así como á ética empresarial. Ademais, tamén se recolle que as Administracións

Educativas fomentarán as medidas necesarias para que o alumnado participe en actividades que lle permita afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Así, o fomento da competencia de emprendemento entre o alumnado é un obxectivo dos centros de Formación Profesional. Este propósito artículase a través de tres estratexias diferenciadas:

- I. Impulsar os coñecementos e as capacidades para investigar, emprender e innovar, como competencias transversais na Formación Profesional.
- II. Simular e poñer en práctica as habilidades e coñecementos adquiridos, tendo como fin a concreción das experiencias de emprendemento na efectiva posta en marcha dunha pequena empresa.
- III. Crear un marco dinámico no que participen tódolos axentes do sistema educativo e empresarial, que favoreza a sinerxía, impulse o emprendemento e produza valor engadido no fomento do espírito emprendedor na Formación Profesional.

Por outra banda, a nivel curricular, obsérvase que en España hai unha preocupación e unha motivación cada vez maiores por incluír a ensinanza de aspectos relacionados coa iniciativa emprendedora na Formación Profesional. Así, por exemplo, o módulo profesional de Empresa e Iniciativa Emprendedora, impartido en tódolos ciclos formativos de grao medio e superior, diríxese a coñecer a creación e xestión básica das empresas, o autoemprego, o desenvolvemento da responsabilidade social empresarial, fomentar a iniciativa emprendedora, a innovación e a creatividade no alumnado. O módulo profesional de Proxecto, impartido en tódalas titulacións de grao superior, ten por obxecto a integración das diversas capacidades e coñecementos de tódolos módulos profesionais do ciclo formativo, contemplando as variables tecnolóxicas e organizativas relacionadas co título de acordo coas características da actividade laboral concreta e con aspectos relativos ao exercicio profesional. E, finalmente, o módulo de Formación en Centros de Traballo tamén debe ser citado como o terceiro módulo profesional que impulsa a iniciativa do emprendemento no seu sentido amplo, non só como xerador de novas ideas de negocio senón impulsando a figura do/a empregado/a emprendedor/a, e dicir, aquela persoa traballadora que inicia, executa, innova, crea proxectos, produtos, procesos ou novos negocios nas organizacións xa existentes.

Non obstante, a pesar dos esforzos que se están a realizar para lograr o fomento da competencia de emprendemento no eido educativo, en xeral, e na Formación Profesional, en particular, a realidade amosa que queda moito camiño por percorrer para chegar a acadar o obxectivo. Neste senso, o Observatorio do Emprendemento de España (GEM), no Informe GEM España 2020-2021, sinala, en relación á valoración das condicións da contorna para emprender en España,

como o factor peor valorado a educación e formación emprendedora na etapa escolar, superando a outros condicionantes como a burocracia e os impostos, as normas sociais e culturais ou o financiamento para emprendedores/as. Neste senso, en relación ás recomendacións para mellorar o ecosistema emprendedor español, sinálase como a segunda medida máis relevante a mellora da calidade e cantidade de programas de creación de empresas que promovan competencias e valores dende a infancia ata a formación universitaria.

Polo tanto, podemos concluír sinalando que o futuro mercado de traballo esixe unha elevada formación profesional e práctica, polo que se debe impulsar, como unha destreza esencial na aula, o espírito emprendedor do alumnado, xa que o éxito da súa inserción dependerá en gran medida da adecuada adquisición das competencias propias da cultura emprendedora.

#### **4. Obxectivos de investigación**

A presente investigación deseñase en base a un obxectivo xeral e unha serie de obxectivos específicos, presentados a continuación:

##### **I. Obxectivo xeral**

- Coñecer o grao de adquisición e desenvolvemento da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico en Xestión Administrativa e Técnico Superior en Administración e Finanzas dun IES galego, dende unha perspectiva de xénero.

##### **II. Obxectivos específicos**

- Coñecer, a nivel curricular, a formación recibida polo alumnado destes ciclos na competencia de emprendemento.
- Indagar sobre as estratexias e preferencias metodolóxicas dos/as estudantes relativas aos procesos de ensinanza-aprendizaxe desta competencia.
- Identificar as barreiras, prexuízos e desigualdades percibidas polo alumnado nos procesos de formación e desenvolvemento de proxectos de emprendemento.
- Pescudar na motivación, intereses e metas profesionais do estudantado sobre á opción de emprender un negocio dende unha perspectiva de equidade.
- Valorar, en clave de equidade, os beneficios que o desenvolvemento desta competencia reporta ao alumnado de cara a súa futura inserción laboral.
- Ofrecer propostas de mellora e recursos formativos e profesionalizantes para incentivar o emprendemento do alumnado feminino en sectores emerxentes.

## 5. Contextualización da investigación

### 5.1. Marco institucional

A presente investigación encádrase no IES Macías o Namorado<sup>1</sup>, situado en Padrón. Este concello localízase no suroeste da provincia de A Coruña e constitúe límite coa provincia de Pontevedra. Segundo datos extraídos do Padrón Municipal de Habitantes, dispoñible no Instituto Galego de Estatística (IGE), o municipio padronés contaba no ano 2021 con 8.317 habitantes.

En canto ao nivel socioeconómico da contorna na que se sitúa o instituto, podemos destacar que se trata dunha comarca na que predominan familias obreiras cun nivel de renda medio. Existe na zona unha importante base empresarial, cunha elevada cantidade de empresas industriais que dan traballo a un número significativo de habitantes da comarca do Sar. Ademais, a proximidade a Santiago tamén favorece que moitas persoas desenvolvan a súa actividade profesional no sector público ou privado na capital galega.

Padrón tamén é un importante referente turístico na zona, tanto por ser berce de autores como Rosalía de Castro e Camilo José Cela, como do propio trobador medieval Macías o Namorado, ademais de discorrer por Padrón a ruta portuguesa do Camiño de Santiago.

É un centro de referencia na comarca do Sar, de titularidade pública e aconfesional, dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. Neste centro impártense varios niveis educativos:

- Educación Secundaria Obrigatoria: existindo dous grupos (A e B) por cada curso.
- Bacharelato: con dous grupos (A e B) no primeiro curso e tres grupos (A, B e C) en segundo curso. Impártense dúas modalidades:
  - o Humanidades e Ciencias Sociais.
  - o Ciencias.
- Formación Profesional Básica: Servicios Administrativos e Electricidade e Electrónica.
- Ciclos Formativos de Grao Medio: Xestión Administrativa e Instalacións Eléctricas e Automáticas.
- Ciclos Formativos de Grao Superior: Administración e Finanzas e Automatización e Robótica Industrial.

---

<sup>1</sup> A vicedirectora do centro autoriza a publicación do nome real do centro no corpo do texto do TFM. O documento asinado pode consultarse en Anexos.

Este instituto dispón dunhas completas infraestruturas que ocupan unha extensión aproximada de 1.000 metros cadrados. Están compostas por tres edificios: un edificio central con tres plantas, outro con aulas e talleres de electricidade e un último edificio anexo ao segundo, no que se localizan as aulas específicas de robótica e tecnoloxía. O claustro docente está integrado actualmente por 57 profesoras e profesores, e organizado en 19 departamentos didácticos.

Este IES constitúe unha contorna tolerante e respectuosa coas diferentes opinións, relixións ou ideoloxías existentes entre o alumnado, tratando de formar os/as estudantes seguindo os principios de solidariedade, compañeirismo e respecto mutuo. Finalmente, é importante sinalar que neste centro non existen grandes conflitos, absentismo escolar nin problemas de acoso escolar, demostrando a institución educativa unha importante preocupación polo benestar emocional do seu alumnado.

## **5.2. Poboación e mostra**

Para realizar esta investigación tomouse como referencia ao alumnado matriculado no primeiro curso dos ciclos de Técnico en Xestión Administrativa e Técnico Superior en Administración e Finanzas do mencionado IES. A razón pola que se elixiu a dous grupos de primeiro curso reside en que así poderemos coñecer a motivación emprendedora destes/as alumnos/as en función de factores persoais, sociais e educativos, sen que inflúan nas súas respostas outro tipo de condicionantes, como pode ser a realización de prácticas en empresas (FCT) e que contén con ofertas de traballo para incorporarse ao mercado laboral como traballadores/as por conta allea. Ademais, cabe salientar que neste centro realicei o Prácticum I, feito que me brinda a oportunidade de ter contacto cos/oas discentes, así como co profesorado que imparte nestas titulacións, coñecendo a dinámica e as metodoloxías de ensinanza-aprendizaxe empregadas nos módulos destes ciclos formativos.

A mostra estaba composta por un total de 21 alumnos/as, correspondendo 7 ao grupo de ciclo medio e 14 ao de técnico superior. En termos xerais, ámbolos dous grupos están conformados por persoas con boa actitude e participativas á hora de realizar as actividades propostas na aula. En ningún dos dous grupos existen estudantes que presenten necesidades educativas especiais. Do total de enquisados, un 52% son homes, mentres que as mulleres representan un 48% do total da mostra. Este dato resulta significativo, xa que na familia profesional á que pertencen estas titulacións é habitual que as mulleres sexan maioría dentro do total do alumnado. En relación a súa idade, cabe sinalar que presentan unha media de idade que se sitúa en 21 anos, aínda que existen importantes diferenzas entre as idades dos/as discentes, que abranguen dende os 16 ata os 28 anos. A pesar disto, existe un bo clima nas aulas, conformando grupos unidos e

con cohesión. E se analizamos o concello de procedencia do alumnado enquisado, comprobamos que o 62% pertence aos concellos de Teo, Santiago de Compostela, Padrón e Ames, municipios xeograficamente próximos ao centro.

Por outra parte, compre destacar que unha parte significativa dos/as estudantes enquisados conta con estudos previos. Deste xeito, un 43% do total manifesta que está en posesión dalgunha titulación previa á que actualmente se atopa cursando. Analizando de forma detallada os estudos que completaron previamente comprobamos que a opción máis predominante son as titulacións de grao medio e superior. Ademais, centrándonos na familia profesional a que pertencen as súas titulacións previas observamos que a maioría (60%) conta con formación relacionada coa mesma familia profesional dos ciclos nos que actualmente están matriculados.

E finalmente, no relativo á tradición emprendedora no ámbito familiar do alumnado é importante sinalar que o 52% asegura que na súa contorna familiar existen negocios propios. Non obstante, se se analiza o grao de parentesco dos familiares emprendedores, compróbase que só nun 43% dos casos son as nais, pais ou irmás e irmáns os que dispoñen dun negocio propio, mentres que a porcentaxe restante corresponde a outros familiares de non primeiro grao. En canto aos sectores aos que pertencen os negocios dos familiares dos/as alumnos/as enquisados/as, a actividade con maior peso é a hostalaría, seguido do sector da construción e o comercio, datos que son reflexo da importancia do sector servizos nesta área xeográfica dada a importante base industrial existente na zona.

## **6. Metodoloxía**

### **6.1. Enfoque metodolóxico**

A realización do presente proxecto parte dunha revisión bibliográfica sobre a temática obxecto de estudo. A partir da delimitación dos antecedentes de investigación deséñase unha investigación a pequena escala, sobre a competencia emprendedora do alumnado dos ciclos de Técnico en Xestión Administrativa e Técnico Superior en Administración e Finanzas dun IES galego. Esta investigación pode clasificarse como un estudo de caso, no que se optou por empregar unha metodoloxía cuantitativa, coa que se trata de obter información, o máis completa posible, sobre as percepcións dos discentes coa temática central obxecto de estudo.

Polo tanto, ten un carácter empírico, descritivo e explicativo, posto que trata de coñecer e analizar o grao de adquisición da competencia de emprendemento na mostra seleccionada, ademais de determinar e cuantificar outros factores e cuestións anexos que poden afectar ao

desenvolvemento da mesma e o interese do alumnado pola opción de emprender como unha alternativa laboral no seu futuro profesional.

## **6.2. Instrumento de investigación: o cuestionario**

Para poder realizar este estudo decidiuse empregar como instrumento principal un cuestionario telemático, posto que se considerou o instrumento máis adecuado para obter o tipo de información necesaria nas variables a estudar. No deseño e elaboración do cuestionario tívose en conta o sinalado e explicado na obra de Meneses (2016).

En canto á construción do cuestionario, en primeiro lugar, elaborouse un guión estruturado en función dos obxectivos de investigación determinados previamente e sobre os que resultaba necesario recoller información. Seguidamente, redactáronse as preguntas, coas súas posibles respostas e tendo en conta as características das persoas integrantes da mostra seleccionada. Introducíronse preguntas de diversa tipoloxía, e optouse por combinar preguntas abertas e pechadas, con preguntas de resposta única ou múltiple e escalas Likert.

O cuestionario foi sometido a xuízo de expertos, sendo analizado por tres docentes con ampla formación e experiencia no campo da investigación socio-educativa; obtéñense certas indicacións de mellora do cuestionario en canto ao contido e xeito de redactar algunha resposta ou pregunta. Tras esta revisión e incorporando as suxestións recibidas, procedeuse a realizar unha pequena proba piloto para comprobar o seu adecuado funcionamento e corrixir erros observables na súa aplicación. Deseñouse empregando a ferramenta *Microsoft Forms*, e enviouse o enlace a través das titoras dos dous grupos para que puidesen poñelo a disposición do alumnado e, finalmente, cumprimentalo.

Desta forma, o cuestionario elaborado, que pode consultarse en Anexos, está conformado por un total de 23 items, estruturados en 8 bloques temáticos, que se detallan a continuación:

- Datos persoais xerais.
- Datos sobre o entorno socio-familiar.
- Coñecementos e intereses formativos en relación ao emprendemento.
- Preferencias metodolóxicas sobre a formación en emprendemento.
- Dificultades e limitacións na formación e no desenvolvemento de proxectos de emprendemento.
- Intereses profesionais en relación ao emprendemento.
- Características psicosociais do emprendedor/a.
- Fomento do emprendemento en sectores descoñecidos e pouco atractivos.

A recollida de datos realizouse a través das titoras dos dous grupos, que lles fixeron chegar ao alumnado o enlace web do cuestionario<sup>2</sup>.

Tal e como se sinala no Diagrama de Gantt, presentado posteriormente no epígrafe 7, e no que se recolle a planificación temporal do presente proxecto, o cuestionario facilitóuselle ao alumnado nas últimas semanas do curso, a finais do mes de maio, cando xa só lles restaba presentarse aos exames finais. Deste xeito, conseguimos que xa estiveran explicados tódolos contidos dos módulos deste curso, e que os/as estudantes xa tiveran adquiridos os coñecementos e competencias programados para este curso académico.

### **6.2.1. Obxectivos do instrumento**

A continuación preséntanse os obxectivos perseguidos na elaboración e aplicación do cuestionario, como instrumento principal da presente investigación:

#### **I. Obxectivo xeral**

- Coñecer a motivación e o interese emprendedor do alumnado de primeiro curso dos ciclos de Técnico en Xestión Administrativa e Técnico Superior en Administración e Finanzas do IES Macías o Namorado de Padrón.

#### **II. Obxectivos específicos**

- Identificar o grao de coñecemento e intereses formativos do alumnado destes ciclos en relación ao emprendemento.
- Coñecer as preferencias metodolóxicas e necesidades formativas do alumnado destas titulacións sobre a formación en emprendemento.
- Estudar as dificultades e limitacións existentes durante o proceso formativo e no desenvolvemento de proxectos emprendedores.
- Indagar sobre a motivación e os intereses profesionais do alumnado destes ciclos cara o emprendemento.
- Identificar áreas ou sectores económicos nos que o alumnado mostre interese para formular futuros proxectos de emprendemento.

---

<sup>2</sup> En relación ao cuestionario, fixéronse as consultas pertinentes ao Servizo de Protección de datos da USC, ademais de obter o consentimento asinado das titoras de aula, garantíndolles que os datos e información recollidos no cuestionario serían empregados, única e exclusivamente, para fins académicos vinculados con este traballo académico. Os consentimentos firmados poden consultarse en Anexos.


### 6.2.2. Resultados da investigación

Dado o número total de cuestionarios recollidos e para facilitar o estudo dos datos obtidos, óptase por realizar dita análise empregando o programa Excel. Coa finalidade de enriquecer a análise dos resultados, e facelos máis completos e interesantes, realízase unha comparativa na que se cruzaron os datos obtidos con variables como o sexo, a idade ou a tradición emprendedora dentro do ámbito familiar. Cando os resultados presentan diferenzas tendo en conta algunha destas circunstancias, reflexáronse as diversidades de opinión de cada grupo na análise dos resultados realizada.

Deste xeito, en relación ao primeiro bloque de preguntas, centrado nos coñecementos e intereses formativos do alumnado sobre o emprendemento (gráfico 3), os datos amosan que un 62% dos/as estudantes ten realizado algún curso, seminario ou acción formativa sobre emprendemento durante este curso académico. Consideramos que non se trata dunha porcentaxe moi elevada, tendo en conta que o desenvolvemento da competencia de emprendemento entre o alumnado de Formación Profesional é un dos obxectivos perseguidos coas reformas educativas levadas a cabo nos últimos anos en España, tal e como se detallou na epígrafe correspondente ao marco teórico de referencia elaborado nesta investigación.

#### Gráfico 3

*Módulo ou módulos nos que o alumnado realizou algún curso, seminario ou acción formativa sobre emprendemento neste curso académico*



Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.


Segundo o reflexado no gráfico 3, dentro do grupo de Técnico Superior en Administración e Finanzas, dos/as 14 alumnos/as, 7 responderon que recibiron formación sobre emprendemento no módulo de "Xestión da documentación xurídica e empresarial". Por outra banda, dos/as

discentes pertencentes ao ciclo medio de Administración e Xestión que responderon que recibiron formación sobre emprendemento, o 80% sinala que foi noutra actividade formativa non modular, como son talleres, seminarios ou xornadas.

De forma máis concreta, o alumnado que participou neste estudo foi preguntado tamén por aspectos concretos relacionados coa temática do emprendemento e cuxos resultados poden consultarse no gráfico 4. Neste senso, un 52% dos enquisados sinalan que nos módulos cursados neste curso académico recibiron bastante ou moita información sobre a importancia do plan de empresa, como medio para planificar as necesidades dunha nova empresa. Non obstante, un 86% afirman que trataron pouco ou nada temas relacionados co debate e análise de ideas innovadoras que poderían ser a orixe dun novo negocio ou cos diferentes riscos existentes como factores inherentes ao emprendemento. Desta forma, nas respostas obtidas neste punto volven detectarse deficiencias ou limitacións na formación recibida polo alumnado na competencia emprendedora, xa que non se deduce un traballo transversal e integrador nos módulos destas titulacións sobre esta competencia.

#### Gráfico 4

*Valoración sobre diversos contidos relacionados co emprendemento durante este curso académico*



Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.


Os datos recollidos amosan que existe unha formación específica sobre a competencia de emprendemento nas titulacións analizadas, máis cando se lles pregunta os/as estudantes por cuestións concretas que resulta fundamental coñecer e traballar para poder emprender con éxito

un negocio propio as respostas amosan que a formación que recibiron sobre esta temática non é suficiente e necesitaría ser ampliada para lograr acadar o obxectivo fixado con éxito. Polo tanto, comprobamos que a valoración que o alumnado fai dos coñecementos adquiridos, a nivel curricular, sobre a competencia de emprendemento son insuficientes e faise evidente a necesidade de traballala en maior medida.

Por outra banda, fíxose como outro dos obxectivos desta investigación coñecer e indagar sobre as estratexias e preferencias metodolóxicas do alumnado relativas aos procesos de ensinanza-aprendizaxe en relación á competencia de emprendemento. Así, preguntóuselle ao alumnado sobre a relevancia de recibir máis formación sobre emprendemento na titulación que actualmente se atopan cursando, respondendo afirmativamente un 86% dos enquisados. Este dato amosa o interese do alumnado no desenvolvemento desta competencia, como unha posibilidade real de saída laboral para os mesmos.

### Gráfico 5

*Preferencias do alumnado en relación ás estratexias metodolóxicas desexadas para a formación en emprendemento*



Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.


En relación ás estratexias metodolóxicas mellor valoradas para traballar na aula a competencia de emprendemento, cabe sinalar que os resultados, que poden consultarse no gráfico 5, amosan que as opcións máis interesantes son coñecer casos reais de persoas que cursaron a súa mesma titulación e emprenderon o seu propio negocio e tamén a través de talleres de orientación

académico-profesional nas que se practiquen habilidades profesionais e persoais, como técnicas de comunicación, negociación, liderado... Pola contra, o alumnado non mostra interese por formarse na competencia de emprendemento a través de contidos teóricos, tanto se son explicados por parte do profesorado como implantados a través de metodoloxías activas, tales como a creación de proxectos, resolución de problemas ou grupos de discusión... e mediante material interactivo, como vídeos ou *podcast*.

En terceiro lugar, neste proxecto tamén se tratan de identificar as barreiras, prexuizos e desigualdades percibidas polos/as discentes nos procesos de formación e desenvolvemento de proxectos de emprendemento. Nesta cuestión, o alumnado enquisado valora positivamente ao profesorado que impartiu docencia no presente curso académico, xa que un 71% está totalmente de acordo ou bastante de acordo con que os/as docentes contan coa formación suficiente para axudar e orientar aos/ás estudantes na creación de proxectos de emprendemento, tal e como se pode apreciar no gráfico 6.

## Gráfico 6

### *Valoración do traballo realizado nos módulos cursados sobre diversas temáticas*



Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.


Ademais, un 76% dos/as estudantes tamén están totalmente de acordo ou bastante de acordo con que os contidos incluídos nos módulos cursados durante este ano son útiles para poder emprender o seu propio negocio. Non obstante, a pesar do sinalado anteriormente, o alumnado

non opina de maneira positiva (un 71% está en desacordo ou totalmente en desacordo) sobre a influencia dos módulos ata agora cursados no fomento do seu espírito emprendedor. Tamén manifestan que presentan debilidades en temas relacionados coa elaboración dun estudo de mercado, o coñecemento de nichos de mercado nos que poidan existir oportunidades de negocio ou as diferentes formas de financiamento para emprendedores/as, xa que un 52% do total responde a esta cuestión que está en desacordo ou totalmente en desacordo.

Para indagar sobre dificultades concretas ás que pode enfrontarse o alumnado destas titulacións en relación ao emprendemento, optouse por preguntar sobre os seus coñecementos sobre organismos ou programas reais de axudas ao emprendedor/a. Observando os resultados recollidos no gráfico 7, un 81% dos/as estudantes manifestan coñecer cales son os principais organismos ou institucións gobernamentais que contan con liñas de apoio á actividade emprendedora da sociedade. Sen embargo, ao profundar sobre os programas concretos ou liñas de axuda existentes para emprendedores/as, as respostas amosan que un 48% do alumnado non conta con coñecementos suficientes nestas áreas. O mesmo sucede ao preguntar sobre os portais ou medios a través dos que se poñen estes recursos a disposición da poboación que desexe iniciar o seu propio proxecto empresarial, xa que un 43% sinala non coñecelos, polo que das respostas obtidas detéctase a necesidade de incidir neste tipo de contidos de cara a fomentar nos mesmos a competencia de emprendemento

### Gráfico 7

*Avaliación dos coñecementos do alumnado sobre axudas públicas e recursos de apoio reais*




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

Sobre os problemas e desigualdades percibidas polos/as estudantes para o desenvolvemento de proxectos de emprendemento, compre sinalar que maioritariamente consideran que o risco económico e falta do capital inicial son os principais problemas para optar pola opción de poñer en marcha un negocio propio como alternativa laboral no seu futuro profesional, tal e como se pode observar no gráfico 8. A excesiva burocracia e a elevada carga fiscal á que están sometidas as empresas en España, tamén son factores que os/as estudantes sinalan que actúan como freo á súa motivación emprendedora. A maiores, o alumnado enquisado tamén manifesta que a falta de experiencia no negocio a iniciar é outra das problemáticas con maior importancia á hora de desenvolver un negocio propio. De moitas destas revelacións comprobamos que, en termos xerais, nestes grupos obsérvase unha clara aversión ao risco, feito que frea a súa motivación emprendedora.

### Gráfico 8

*Factores máis prexudiciais que constitúen riscos ou dificultades aos que debe enfrontarse un/unha emprendedor/a para poder desenvolver un negocio propio*




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

Por outra banda, en canto ás metas profesionais do alumnado en relación á opción de emprender un negocio propio tralo remate dos seus estudos, cuxos resultados poden observarse no gráfico 9, comprobamos que entre os/as estudantes enquisados non existe unha motivación emprendedora forte, posto que a alternativa que máis desexan para encamiñar o seu futuro próximo é a de continuar formándose para completar a súa preparación académica, xunto con

traballar por conta allea nunha gran empresa ou multinacional. Esta alternativa laboral pode ser factible para os/as alumnos/as destas titulacións, dada a importante base empresarial de carácter industrial existente na área de influencia do centro, tal e como se comentou anteriormente. Non obstante, unha parte significativa do alumnado enquisado tamén sinala que aínda non teñen decidido de forma definitiva ás súas aspiracións profesionais, co que cabería a posibilidade de espertar neles inquietudes emprendedoras.

### Gráfico 9

*Metas profesionais máis desexadas polo alumnado de cara ao seu futuro profesional*




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

Non obstante, e tal e como se sinalou anteriormente, en moitas ocasións a competencia emprendedora pode verse limitada pola falta dos apoios ou recursos económicos ou financeiros necesarios para iniciar e poñer en funcionamento unha nova empresa. E neste senso, segundo o que amosan os datos recollidos no gráfico 10, un 86% do alumnado indica de forma maioritaria que non conta cos recursos económicos propios suficientes para poder poñer en marcha o seu propio negocio. De igual modo, un 71% do total tamén manifesta non dispoñer de aforros familiares para poder investir en un novo proxecto de emprendemento. Non obstante, os/as estudantes enquisados amósanse receptivos a aceptar a colaboración económica dun socio capitalista, xa que un 71% dos/as alumnos/as aceptarían a inversión dun socio que financie a súa idea de negocio, entrando a formar parte do seu proxecto empresarial, o que demostra un certo avance social á hora de aceptar novas fontes de financiamento alternativas ás tradicionais.

## Gráfico 10

*Disponibilidade dos seguintes apoios necesarios para levar a cabo no futuro un proxecto de emprendemento por parte dos/as alumnos/as*




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

Neste punto compre realizar, dende unha perspectiva de xénero, unha análise de certos aspectos ou condicionantes que poden influír sobre a vontade emprendedora do alumnado, cuxos resultados poden comprobarse no gráfico 11. En relación a esta cuestión, debemos destacar que un 81% dos/as estudantes está en desacordo ou totalmente en desacordo con que as mulleres sintan un maior temor ao fracaso dos seus proxectos de emprendemento fronte aos homes. Ademais, o 62% está en desacordo ou totalmente en desacordo coa afirmación relativa a que as mulleres contan con menos apoios públicos para axudar ás que opten por poñer en marcha os seus propios negocios.

Sobre á conciliación da vida familiar e laboral, o 57% do alumnado enquisado sinala que o feito de que unha muller opte por desenvolver un proxecto de emprendemento propio pode supoñer problemas para poder compaxinar o plano familiar e profesional. O 62% dos/as alumnos/as detectan maiores barreiras ou dificultades que poden actuar como freo da vontade emprendedora das mulleres. Non obstante, á hora de sinalar as obrigas familiares como un deses factores negativos para o emprendemento feminino, só un 52% do total está de acordo ou totalmente de acordo con que este tipo de dificultades engadidas poden frear o interese das mulleres por emprender un negocio propio. E finalmente, resulta moi significativo mencionar que, un 62% dos/as estudantes enquisados están bastante de acordo con que o sexo do emprendedor/a si pode influír nas posibilidades de éxito dun negocio.

## Gráfico 11

### Opinión do alumnado en relación a diversas cuestións de xénero en materia de emprendemento




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

En relación a estas cuestións, optouse por realizar unha análise por sexos das respostas obtidas do alumnado obxecto da presente investigación e obtivéronse lixeiras diferenzas entre as valoracións realizadas por mulleres e homes. Neste sentido, mentres que un 64% dos homes enquisados está en desacordo ou totalmente en desacordo con que as mulleres teñen retos ou dificultades engadidas, como poden ser maiores responsabilidades familiares, que dificultan a posta en marcha dun proxecto de emprendemento propio, o 70% das mulleres ás que se lles formulou esta cuestión consideran que están totalmente de acordo ou bastante de acordo coa mesma, tal e como se mostra no gráfico 12. Refléxase, polo tanto, na diverxencia de opinións por sexos a escasa concienciación do xénero masculino desta mostra en relación á situación de desvantaxe a que se enfrontan as mulleres en numerosas ocasións dentro do mercado laboral, en xeral, e á hora de iniciar o seu propio proxecto empresarial, en particular.

### Gráfico 12

Valoración de mulleres e homes da seguinte afirmación: "As mulleres teñen retos ou dificultades engadidas, como maiores responsabilidades familiares, que dificultan a posta en marcha dun proxecto de emprendemento"




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

De igual forma, tamén se detectan diferenzas por sexos nas respostas dos/as estudantes en relación a existencia de certas desigualdades, barreiras ou dificultades que afectan en maior medida ás mulleres cando se trata de poñer en marcha un proxecto de emprendemento. Neste caso e segundo o que se pode observar no gráfico 13, mentres que un 70% das mulleres enquisadas están totalmente de acordo ou bastante de acordo con que esta problemática é unha realidade á que se enfrontan diariamente as mulleres, só un 55% dos homes manifesta a mesma opinión. No resto de items non se detectaron diferenzas destacables nas respostas entre os dous grupos identificados en función do seu sexo.

### Gráfico 13

Valoración de mulleres e homes da seguinte afirmación: "Existen desigualdades e barreiras que afectan en maior medida ás mulleres á hora de emprender"




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

Por outra parte, nesta investigación tamén se fixou como obxectivo tratar de valorar os beneficios que pode reportar ao alumnado o desenvolvemento da competencia de emprendemento como unha interesante alternativa laboral de cara ao seu futuro profesional. Así, resulta relevante indagar sobre as actitudes ou circunstancias coas que debe contar un/unha emprendedor/a como factores condicionantes do éxito dun negocio propio. E nesta liña, no gráfico 14, pode comprobarse que o alumnado sinala que a persistencia, a iniciativa e a capacidade de traballo son as características máis importantes para un/unha emprendedor/a de cara a conseguir o éxito nos proxectos de emprendemento que inicie. Pola contra, indican que a experiencia profesional, a formación académica ou a ambición son aspectos menos condicionantes para a viabilidade dun negocio propio.

### Gráfico 14

*Valoración realizada polo alumnado de certos factores que inflúen no éxito de emprender un negocio propio*




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

Nesta liña de investigación, tamén resulta relevante coñecer a opinión dos/as discentes sobre os posibles beneficios que lles pode reportar a opción de emprender de cara á súa futura inserción laboral. E neste senso, tal e como se amosa no gráfico 15, os/as estudantes sinalan as razóns económicas como o principal beneficio do emprendemento, posto que consideran que se trata dunha boa alternativa para poder gañar diñeiro en función do esforzo realizado. En segundo lugar, apuntan a factores de tipo actitudinal, xa que manifestan que o feito de dedicarse a un

negocio propio reporta un elevado grao de satisfacción persoal coa actividade laboral desenvolta. E seguidamente, na mesma proporción, mencionan como positivos para o emprendemento outros factores como son a mellora da calidade de vida daqueles que optan por poñer en funcionamento un negocio proio e a autonomía e liberdade para a toma de decisións na dirección dun proxecto propio.

### Gráfico 15

*Principais beneficios de optar pola opción laboral de emprender un negocio propio*




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

E finalmente, co fin de coñecer as preferencias do alumnado en relación aos diferentes sectores económicos, considerase relevante traballar na identificación de posibles sectores emerxentes, nos que poidan existir oportunidades de negocio ou nichos de mercado non explotados ata o momento. Neste sentido, segundo os datos recollidos no gráfico 16, o alumnado sinala o sector comercio como o máis atractivo para eles de cara a poñer en funcionamento un proxecto de emprendemento propio. A continuación, sinalan a hostalaría ou as actividades relacionadas co sector educativo, como sectores preferentes, nos que lles resultaría interesante iniciar un negocio propio. Pola contra, son a agricultura, gandería e pesca, actividades propias do sector primario, as que resultan menos atractivas para o alumnado enquisado.

## Gráfico 16

*Sectores económicos preferentes para o desenvolvemento dun proxecto de emprendemento*




Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

Realizando unha análise en función do sexo da persoa enquisada, das respostas obtidas nesta cuestión e recollidas no gráfico 17, comprobamos que existen diferenzas salientables nas opinións dos/as estudantes sobre aqueles actividades ou sectores económicos que resultan máis atractivos para o desenvolvemento dun proxecto de emprendemento propio. O alumnado feminino amosa preferencias cara o comercio, a hostalaría e a educación, mentres que os homes se decantan polo comercio, a industria e enerxía e a educación.

## Gráfico 17

*Sectores económicos preferentes para o alumnado segundo o sexo do enquisado de cara ao desenvolvemento dun proxecto de emprendemento propio*



Fonte: elaboración propia a partir de datos obtidos no cuestionario.

### 6.2.3. **Discusión e pautas de futuro**

O obxectivo xeral da investigación realizada céntrase en coñecer o grao de adquisición e desenvolvemento da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico en Xestión Administrativa e Técnico Superior en Administración e Finanzas do IES Macías o Namorado de Padrón dende unha perspectiva de xénero. Nesta liña, e tal e como se explicou anteriormente, deseñouse e implantouse un cuestionario, como instrumento de carácter cuantitativo co que se trata de dar resposta e investigar sobre unha serie de obxectivos específicos derivados da temática principal deste proxecto.

Deste xeito, a continuación, amosaremos os principais resultados obtidos da análise realizada, estruturando a información recollida para cada obxectivo específico:

#### ***Obxectivo específico 1. Coñecer, a nivel curricular, a formación recibida polo alumnado destes ciclos na competencia de emprendemento.***

Os resultados obtidos no cuestionario amosan que o alumnado non está a recibir formación suficiente sobre emprendemento, posto que só un 62% dos enquisados manifesta ter realizado algún curso, seminario ou acción formativa sobre emprendemento durante este curso académico. Esta porcentaxe considérase insuficiente, posto que, tal e como se explicou anteriormente, o desenvolvemento da competencia de emprendemento entre o alumnado de Formación Profesional é un dos obxectivos fixados nas diversas reformas educativas levadas a cabo nos últimos anos en España. Haberá que esperar para comprobar os resultados obtidos da aplicación da recente lei 3/2022, de Ordenación e Integración da Formación Profesional, na que se realiza unha clara aposta polo fomento da competencia de emprendemento neste nivel educativo, establecéndose que as ofertas de Formación Profesional incluírán orientación e apoio para o emprendemento, actividades de fomento da cultura emprendedora, do sentido da iniciativa e a capacidade de iniciar novos proxectos empresariais vinculados ao sector produtivo para o que se forman, favorecendo a creación de empresas.

Ademais, dos resultados obtidos do cuestionario tamén se deducen diferencias entre os diversos contidos relacionados co emprendemento. Así, os/as discentes manifestan ter traballado sobre a importancia do plan de empresa, como o instrumento máis útil para poder planificar a curto, medio ou longo prazo as necesidades dunha nova empresa ou aqueles aspectos clave que caracterizan a un emprendedor. Non obstante, o alumnado sinala maioritariamente que non teñen traballado suficientemente sobre temas relacionados co debate e análise de ideas innovadoras que poderían ser o punto de partida dun novo negocio ou cos diferentes riscos existentes como factores inherentes ao emprendemento.

Polo tanto, das respostas obtidas aprécianse deficiencias ou limitacións na formación recibida polo alumnado na competencia emprendedora, posto que non recoñecen ter realizado neste curso académico un traballo transversal e integrador sobre esta competencia. Comprobamos que a valoración da formación recibida, a nivel curricular, sobre a competencia de emprendemento é insuficiente e faise evidente a necesidade de traballala en maior medida e de maneira máis constante.

***Obxectivo específico 2. Indagar sobre as estratexias e preferencias metodolóxicas dos/as estudantes relativas aos procesos de ensinanza-aprendizaxe desta competencia.***

Orientado á mellora da formación do alumnado na competencia de emprendemento, considerouse necesario coñecer as preferencias metodolóxicas do alumnado en relación aos procesos de ensinanza-aprendizaxe desta competencia. Os resultados obtidos demostran un interese por parte do alumnado enquisado por recibir máis formación sobre emprendemento na titulación que actualmente están a cursar, posto que un 86% dos enquisados responden afirmativamente sobre a súa intención de seguir formándose no desenvolvemento desta competencia.

Co obxectivo de lograr mellores resultados neste proceso educativo por parte dos/as alumnos/as, considerouse necesario coñecer que estratexias metodolóxicas eran as máis interesantes. Neste senso, os resultados amosan que o estudantado desexaría formarse nesta competencia coñecendo casos reais de persoas que cursaron a súa mesma titulación e emprenderon o seu propio negocio e tamén a través de talleres de orientación académico-profesional nas que se practiquen habilidades profesionais e persoais, como técnicas de comunicación, negociación, liderado...

***Obxectivo específico 3. Identificar as barreiras, prexuízos e desigualdades percibidas polo alumnado nos procesos de formación e desenvolvemento de proxectos de emprendemento.***

En relación ás dificultades que perciben os/as estudantes das titulacións analizadas sobre o ámbito formativo na competencia de emprendemento, as respostas obtidas no cuestionario demostran que o alumnado valora positivamente o traballo realizado polo corpo docente, considerando que conta coa formación suficiente para poder asesoralos e axudalos na creación e desenvolvemento de novos proxectos empresariais. De igual forma, tamén manifestan nas súas respostas que nos módulos cursados durante o presente curso académico se inclúen contidos que lles resultarían valiosos se decidisen emprender o seu propio negocio. Non obstante, dos resultados tamén se deducen debilidades respecto á formación nesta competencia, posto que os/as estudantes sinalan maioritariamente que os contidos traballados nos módulos

deste curso académico non contribuíron a fomentar o seu espírito emprendedor, ademais de carecer dos suficientes coñecementos en áreas tan importantes como as fontes de financiación existentes para poder executar unha idea de negocio ou a importancia dos estudos de mercado á hora de identificar posibles nichos de negocio nos que exista unha oportunidade para emprender con éxito un novo proxecto empresarial. Cos resultados obtidos do cuestionario aplicado nesta investigación corrobórase o explicado na revisión bibliográfica realizada, en consonancia co exposto noutros estudos previos, que sinalaban certas limitacións á hora de desenvolver a competencia de emprendemento entre o estudiantado, como a escaseza de recursos económicos e humanos ou o emprego de métodos educativos ineficaces. Ademais, os/as discentes manifestan que coñecen as institucións e organismos gobernamentais encargados de conceder axudas aos emprendedores, pero non existe consenso nas respostas sobre o coñecemento de programas de axudas e incentivos concretos ou os portais onde se publican as diversas convocatorias. Compróbase, polo tanto, que resulta necesario mellorar a formación do alumnado en relación ás fontes de financiación e liñas de axudas a emprendedores.

E finalmente, no relativo ás dificultades existentes no desenvolvemento dun novo proxecto empresarial, os/as discentes sinalan o risco económico, a falta de financiación inicial e a elevada burocracia e carga impositiva, como os principais obstáculos aos que deben enfrontarse os/as emprendedores, afirmacións que tamén se atopan en consonancia co exposto no marco teórico desta investigación.

***Obxectivo específico 4. Pescudar na motivación, intereses e metas profesionais do estudiantado sobre a opción de emprender un negocio dende unha perspectiva de equidade.***

O alumnado enquisado manifesta de forma maioritaria que no seu futuro próximo desexa seguir estudando, continuando coa súa formación académica, ou traballar por conta allea nunha gran empresa ou multinacional, opción viable para o perfil académico deste alumnado, dada a existencia na contorna do centro de importantes empresas pertencentes ao sector industrial. Sobre a alternativa laboral de emprender un negocio propio, o alumnado non amosa un interese significativo, debido, entre outros factores, á falta de recursos económicos propios ou familiares para poder investir nun novo proxecto empresarial.

Por outra parte, tamén se observan discrepancias nas respostas en relación a certas afirmacións sobre as diferenzas existentes entre mulleres e homes no emprendemento. Consideran maioritariamente que os homes non senten un menor temor ao fracaso dos seus proxectos de emprendemento fronte ás mulleres, o que contradí o analizado en outras investigacións analizadas no marco teórico do presente estudo. Tamén opinan que as mulleres contan con

apoios públicos específicos para fomentar o emprendemento e incentivalas a poñer en marcha os seus propios negocios.

Ademais, tamén resulta significativo sinalar que en gran medida están de acordo con que o sexo do emprendedor pode condicionar o éxito do negocio, resposta que se relaciona coas maiores barreiras ou dificultades ás que deben enfrontarse as mulleres á hora de emprender e que poden actuar negativamente sobre a viabilidade do negocio posto en funcionamento. Neste caso, as respostas obtidas tamén concordan co analizado noutras investigacións previas.

***Obxectivo específico 5. Valorar, en clave de equidade, os beneficios que o desenvolvemento desta competencia reporta ao alumnado de cara a súa futura inserción laboral.***

O desenvolvemento da competencia de emprendemento supón para o alumnado o fomento e mellora doutras habilidades necesarias para lograr levar a cabo con éxito un novo proxecto de negocio. Desta forma, o alumnado que participou na presente investigación sinala que a persistencia, a iniciativa e a capacidade de traballo son as características máis importantes para un emprendedor de cara a conseguir o éxito á hora de iniciar un novo negocio. Pola contra, sinalan que a experiencia profesional, a formación académica ou a ambición son aspectos menos condicionantes para a viabilidade dun proxecto empresarial propio.

Polo tanto, o alumnado enquisado concorda nas súas respostas co exposto en numerosos estudos, que sinalan que existen aspectos claves da personalidade, as capacidades e as competencias do emprendedor que contribúen de xeito directo a acadar o éxito nun novo proxecto empresarial.

No relacionado cos posibles beneficios da opción de emprender de cara á futura inserción laboral do alumnado destes ciclos, as respostas obtidas sinalan que se trata dunha boa alternativa para poder gañar diñeiro en función do esforzo realizado, de conseguir un elevado grao de satisfacción persoal coa actividade laboral desenvolta, a mellora da calidade de vida dos/as emprendedores/as e a autonomía e liberdade para a toma de decisións na dirección dun proxecto propio.

***Obxectivo específico 6. Ofrecer propostas de mellora e recursos formativos e profesionalizantes para incentivar o emprendemento do alumnado feminino en sectores emerxentes.***

E finalmente, respecto ás preguntas propostas para a consecución deste obxectivo específico, as respostas obtidas amosan que existen diferenzas salientables nas opinións dos/as estudantes sobre aqueles sectores ou actividades económicas que resultan máis atractivas para o desenvolvemento dun proxecto de emprendemento propio. En termos xerais, os/as discentes

sinalan o comercio como o sector máis atractivo para iniciar un negocio empresarial propio. Non obstante, aprécianse diferenzas nas respostas en función do sexo, de forma que o alumnado feminino amosa preferencias polo comercio, a hostalaría e a educación, mentres que os homes se decantan polo comercio, a industria e enerxía e a educación. Os resultados demostran o sinalado en investigacións previas, onde sinalábase que os homes amosan preferencias por contornas industriais, tecnolóxicas e competitivas, mentres que no caso das mulleres prevalecen alternativas laborais relacionadas coas persoas, a educación, o turismo ou comercio.

### ***Propostas de mellora futuras:***

Os resultados obtidos neste proxecto amosan que sobre a temática desta investigación se abre un importante abano de futuras liñas de traballo, coas que ampliar e profundar a análise realizada neste estudo. A mostra que se empregou neste proxecto é moi reducida, polo que as conclusións non poden extrapolarse á xeneralidade do total de alumnos/as desa titulación e familia profesional, noutros centros ou noutras titulacións. Non obstante, tal e como se sinalou anteriormente, o fomento da competencia de empendemento entre os/as estudantes de Formación Profesional é un dos principais obxectivos perseguidos pola normativa educativa, polo que resultaría moi interesante comprobar en futuras investigacións o grao de cumprimento deste obxectivo a maior escala.

Amais, dado que na investigación realizada se detectaron deficiencias nas metodoloxías empregadas na formación do alumnado nesta competencia, compre sinalar que, como futura liña de traballo se establece o deseño de propostas educativas, nas que se opte por estratexias metodolóxicas que resulten interesantes e atractivas para o estudantado. Neste senso, poderían deseñarse e concretarse diversas actividades, como por exemplo, a elaboración de pósteres visibilizando a mulleres emprendedoras, a creación de *podcast* ou vídeos que posteriormente se difundirían en redes sociais sobre a experiencia de emprendedores/as, a organización de xornadas formativas nas que mulleres emprendedoras narren as súas vivencias profesionais, o deseño de trípticos informativos que se poidan repartir entre os/as compañeiros/as do centro ou a organización de xornadas nas que se practiquen habilidades profesionais e persoais, como técnicas de comunicación, negociación, liderado...

Ademais, resulta importante establecer estratexias específicas para incentivar a competencia de empendemento entre o alumnado feminino, despois de constatar que existen debilidades e factores negativos que frean en maior medida a vontade e intención emprendedora das mulleres.



## 8. Conclusións e valoración final

Queda constatado que o emprendemento empresarial eríxese como un dos obxectivos estratéxicos dunha nación, dado que trae aparellada expansión económica, creación de emprego, innovación e, polo tanto, calidade de vida e oportunidades para a poboación. E debido a estas razóns, o desenvolvemento da competencia de emprendemento entre os/as estudantes en tódolos niveis educativos converteuse nunha das principais metas do sistema educativo español. Fomentar esta competencia entre nenos e nenas e mozos e mozas resulta fundamental para mellorar a súa autonomía e capacidade de decisión. Trátase, polo tanto, de desenvolver a súa creatividade, confianza, imaxinación, optimismo e liderado, entre outras habilidades. Así, a normativa educativa avoga porque a inquietude emprendedora sexa unha competencia clave, que debe integrarse de xeito transversal no currículo das diferentes materias e módulos.

Dende a miña experiencia persoal debo recoñecer que durante a miña etapa educativa, tanto universitaria como preuniversitaria, non recibín a suficiente formación na competencia de emprendemento, polo que á hora de poñer en funcionamento o meu propio negocio advertín certas limitacións na miña formación. No suposto de ter recibido unha formación transversal e completa nesta competencia, considero que a miña experiencia laboral como traballadora por conta propia me houbese resultado máis doada.

Por esta razón, espero poder contribuír coa miña experiencia persoal ao enriquecemento do perfil académico do alumnado co que teña a oportunidade de traballar, cando poida incorporarme a un centro educativo para exercer a función docente sobre a que actualmente estou a prepararme.

Considero que o traballo realizado neste proxecto, xunto cos resultados obtidos das respostas do alumnado, aportan información moi relevante de cara ao meu futuro profesional como docente, xa que puidemos obter interesantes datos sobre as súas preferencias e intereses respecto a esta importante competencia e área do coñecemento.

Polo tanto, gustaríame concluír destacando que o estudo realizado tratou de ir máis aló do seu obxectivo principal, posto que ademais de analizar o grao de adquisición da competencia de emprendemento por parte do alumnado, tamén pretendía coñecer a valoración do corpo docente ou empresarial. Máis os tempos foron escasos e as axendas profesionais e académicas foron difíciles de cadrar. Non obstante, nun futuro prevese estudar e cuantificar outros factores, habilidades ou circunstancias que poden mellorar/condicionar o interese do alumnado pola opción de emprender como unha alternativa profesional, e co obxectivo sempre de descubrir o xeito no que se podería incidir e espertar a súa motivación e intención emprendedora.

## 9. Referencias bibliográficas

- Armuña, C., Arenal, A., Ramos, S. e Feijoo, C. (2022). Emprendimiento como competencia clave: retos generacionales en un nuevo escenario. *RIITE Revista Interuniversitaria de Investigación en Tecnología Educativa*, (12), 34-48.
- Bacigalupo, M., Kampylis, P., Punie, Y. e Van den Brande, G. (2016). *EntreComp: The Entrepreneurship Competence Framework*. Comisión Europea.
- Coduras, A. (2006). La motivación para emprender en España. *Ekonomiaz: Revista Vasca de Economía*, 62, 12-39.
- Constitución Española. *Boletín Oficial do Estado*, 311, de 29 de Decembro de 1978.
- García, F. A. (2013). Emprender desde la escuela, aportes a la formación para el emprendimiento desde la Pedagogía por Proyectos. *Educación y Ciencia*, 16, 1-18.
- González, S. e Vieira, M. J. (2020). La formación en emprendimiento en Educación Primaria y Secundaria: una revisión sistemática. *Revista Complutense de Educación* (32), 1, 99-111.
- Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. *Boletín Oficial do Estado*, 340, de 30 de decembro de 2020.
- Lei Orgánica 3/2022, de 31 de marzo, de ordenación e integración da Formación Profesional. *Boletín Oficial do Estado*, 78, de 1 de abril de 2022.
- Lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización. *Boletín Oficial do Estado*, 233, de 28 de setembro de 2013.
- López, E. e Santos, J. (2013). La mujer en el mercado laboral español. *Economía Española y Protección Social*, 5, 145-167.
- Lozano, P. e Villanueva, M. (2021). La mujer y el emprendimiento: un estudio de caso. *Gestión Joven*, (22), 1, 18-28.
- Luengo, M. e Gutiérrez, P. R. (2003). La orientación vocacional y el género. *Campo Abierto*, 23, 85-97.
- Mariño, R. (2008). *Análisis de la trayectoria formativa de la mujer en las ramas industriales de F. P. en Galicia y su inserción socio-laboral* [Tese de doutorado, Universidade de Santiago de Compostela]. Repositorio Minerva – Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño, R. e Queiruga, O. (2015). O xénero e a súa influencia nos sectores profesionais. En: Valcarce Fernández, M., Rego Agraso, L. e Rial Sánchez, A. (coord.). *A formación, a orientación e o emprego no recoñecemento, avaliación e certificación de competencias*

- profesionais adquiridas en contextos formais, non formais e informais: Actas do XVII Congreso Internacional de Galicia e Norte de Portugal de Formación para o Traballo*, 581-593. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela
- Meneses, J. (2016). *El cuestionario*. Universitat Oberta de Catalunya.
- Ministerio de Educación e Formación Profesional (2020). *Igualdad en cifras MEFP 2020. Aulas por la igualdad*. Recuperado de:  
<https://www.educacionyfp.gob.es/dam/jcr:914e956e-9241-49c5-b9a6d99d6eade751/igualdad-en-cifras-2020-online.pdf>
- Monzón, J. L. e Torres, J. A. (2021). Emprendimiento social en la formación profesional: el caso del País Vasco. *REVESCO: Revista de Estudios Cooperativos*, 137, 124-141.
- Morales, A. C. e Ariza, J. A. (2013). Valores, actitudes y motivaciones en la juventud ante el emprendimiento individual y colectivo. *REVESCO Revista de Estudio Cooperativos*, 112, 11-35.
- Observatorio del Emprendimiento de España (2021). *Global Entrepreneurship Monitor. Informe GEM España 2020-2021*. Universidad de Cantabria.
- Ortiz, P. e Olaz, A. (2018). Factores competenciales en el emprendimiento de la mujer. *RES Revista Española de Sociología*, 27, 3, 413-432.
- Osnabrück Declaration on vocational education and training as an enabler of recovery and just transitions to digital and green economies. Declaración dos Ministros encargados de Educación e Formación Profesional dos Estados membros, dos países candidatos á Unión Europea e dos países do Espazo Económico Europeo, dos interlocutores sociais europeos e da Comisión Europea.
- Padilla, M. T. (2009). *Diversidad profesional y elección de opciones profesionales*. Empleo e igualdade: propostas socioeducativas, 35-54. Santiago, Universidade de Santiago de Compostela. Recuperado de:  
<https://idus.us.es/bitstream/handle/11441/43010/diversidad%20profesional%20y%20eleccion%20de%20.....pdf?sequence=1&isAllowed=y>
- Pellicer, C. (2014). El emprendedor, ¿nace o se hace? Como educar el talento emprendedor. *Revista Padres y Maestros*, 355, 6-10. Recuperado de:  
<https://revistas.comillas.edu/index.php/padresymaestros/article/view/2567/2267>
- Plan de Modernización de la Formación Profesional: Plan para la Formación Profesional, el crecimiento económico y social y la empleabilidad (2020). Ministerio de Educación e Formación Profesional.

- Prendes, M. P. (2022). Formar para el emprendimiento digital: construyendo los ciudadanos del siglo XXI. *RIITE Revista Interuniversitaria de Investigación en Tecnología Educativa*, (12), 1–19.
- Rial, A., Mariño, R. e Rego, L. (2011). La situación de la mujer como alumna de formación profesional inicial y como profesional en el mercado laboral. *Revista Iberoamericana de Educación*, (54), 6.
- Salinas, J. (2022). Agencia del estudiante, competencia emprendedora y flexibilización de las experiencias de aprendizaje. *RIITE Revista Interuniversitaria de Investigación en Tecnología Educativa*, (12), p. 64-75.
- Ubierna, F. (2015) La intención emprendedora y el estudiante universitario de Turismo: análisis comparativo de grado y máster. *International Journal of Scientific Management and Tourism*, 1, 235-273.
- Valencia, A., Montoya, I. A. e Montoya, L. A. (2016). Intención emprendedora en estudiantes universitarios: un estudio bibliométrico. *Intangible Capital*, 12, 4, 881-922.
- Zapico, L.M., Nieto, M. e Muñoz, M.F. (2008). El coste de oportunidad como determinante del autoempleo en la Unión Europea (UE 25). *Pecunia: revista de la Facultad de Ciencias Económicas y Empresariales*, N°6 (ene-jun), 175-193.

## 10. Anexos

### 10.1. Cuestionario

# A competencia de emprendemento no alumnado dos ciclos de Administración e Xestión

Estimada/o alumna/o, o cuestionario que se presenta a continuación forma parte do proxecto de investigación que leva por título "Análise da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico Medio e Superior en Administración e Finanzas desde unha perspectiva de xénero: un estudo de caso", que se encadra dentro do Máster Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas, na Universidade de Santiago de Compostela.

Con este instrumento preténdese recoller, por un lado, información xeral relacionada coa temática de investigación e, por outro lado, as túas opinións sobre o desenvolvemento da competencia de emprendemento no teu ciclo. A confidencialidade dos teus datos así como o anonimato están garantidos, e a información que obteñamos será empregada unicamente con fins académicos. Solicitamos pois a túa máxima implicación e sinceridade contestando a tódalas cuestións que aquí se che presenten. Agradecemos de antemán a túa colaboración e participación neste estudo.

Datos de contacto:

Silvia Chaves Freire

[silvia.chaves@rai.usc.es](mailto:silvia.chaves@rai.usc.es)

[dpd@usc.es](mailto:dpd@usc.es)

1. Indica o teu sexo: \*

- Muller
- Home
- Intersexual

2. Indica a continuación a tua idade \*

Introducir a túa resposta

3. En que concello resides actualmente? \*

Introducir a túa resposta

4. Contas con estudos de Formación Profesional ou estudos Universitarios previos aos que actualmente estás cursando? \*

- Si
- Non

5. En caso de resposta afirmativa, indica cal é a túa titulación: \*

- Ciclo Formativo de FP Básica.
- Ciclo Formativo de Grao Medio.
- Ciclo Formativo de Grao Superior.
- Titulación universitaria.

6. Especifica a continuación a familia profesional ou a titulación na que te formaches previamente: \*

Introducir a túa resposta

7. Na túa contorna familiar existen negocios propios? \*

- Si
- Non

8. En caso afirmativo, indica de quen: \*

- Nai
- Pai
- Irmás ou irmáns.
- Outros familiares.

9. Indica a continuación a que sector pertencen os negocios propios dos teus familiares: \*

- Agricultura, gandería ou pesca.
- Industria e enerxía.
- Construción.
- Comercio.
- Transporte.
- Hostalaría.
- Banca e seguros.
- Actividades inmobiliarias, de aluguer e servizos profesionais.
- Educación.
- Sanidade, veterinaria e servizos sociais.

10. Tes realizado algún curso, seminario ou acción formativa sobre emprendemento neste curso académico? \*

- si
- Non

11. En caso afirmativo, sinala en que módulo ou módulos: \*

- Operacións administrativas de compravenda
- Operacións auxiliares de xestión de tesouraría
- Técnica contable
- Tratamento informático da información
- Comunicación e atención á clientela
- Inglés
- Formación e orientación laboral
- Proceso integral da actividade comercial
- Recursos humanos e responsabilidade social corporativa
- Xestión da documentación xurídica e empresarial
- Ofimática e proceso da información
- Noutra actividade formativa non modular (talleres, seminarios, xornadas...)

12. Valora se nos módulos deste curso académico se trataron contidos relacionados con: \*

	1 Nada	2 Un pouco	3 Bastante	4 Moito
A cultura emprendedora en Europa, España e Galicia.	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Habilidades clave que caracterizan aos emprendedores	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Os diferentes riscos como factores inherentes ao emprendemento	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Valoración do traballo por contra propia como fonte de realización persoal e social	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Debate e análise de ideas innovadoras que poderían ser obxecto dun novo negocio	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Importancia do plan de empresa, como medio para planificar as necesidades dunha nova empresa	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

13. Consideras relevante recibir máis formación sobre emprendemento no ciclo que estás a cursar? \*

- Si
- Non

14. Indica, sendo 1 o menor valor e 4 o valor máximo, con que estratexias metodolóxicas che gustaría formarte en emprendemento: \*

	1	2	3	4
A través de contidos teóricos explicados por parte do profesorado	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Coñecendo casos reais de persoas que cursaron esta titulación e emprenderon o seu propio negocio	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Mediante material interactivo, como vídeos, posdcast...	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
A través de talleres de orientación académico-profesional nas que se practiquen habilidades profesionais e persoais, como técnicas de comunicación, negociación, liderado...	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Mediante contidos teórico-prácticos implementados a través de metodoloxías activas por parte do profesorado (creación de proxectos, resolución de problemas, grupos de discusión...)	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

15. En relación ao traballo realizado nos módulos cursados, valora do 1 ao 4 se estás de acordo coas seguintes afirmacións: \*

	1 Totalmente en desacordo	2 En desacordo	3 Bastante de acordo	4 Totalmente de acordo
Considero que a formación recibida nos módulos cursados durante este ano é útil para poder emprender o meu propio negocio	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Coñezo o que é un estudo de mercado e traballei sobre nichos de mercado emerxentes nos que iniciar un negocio	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Os módulos cursados ata o momento axudáronme a fortalecer as miñas habilidades socio-empresariais	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Considero que os módulos ata agora cursados contribuíron a incentivar o meu espírito emprendedor	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Creo que o profesorado que impartiu neste curso conta coa formación suficiente para axudarme e orientarme na creación de proxectos de emprendemento	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Considero que recibín formación suficiente sobre as diferentes formas de financiamento para emprendemento/empreendedores.	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

16. Das sinaladas a continuación, indica que axudas públicas e recursos de apoio reais coñeces: \*

	Si	Non
Coñezo as institucións e organismos do goberno (central, autonómico e local) que ofrecen apoios económicos para emprendedoras/es.	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

Coñezo os programas e incentivos postos en marcha polo goberno (central, autonómico e local) para axudar ás/aos emprendedoras/es	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Coñezo os portais onde se publican as diversas convocatorias de axudas emitidas polo goberno (central, autonómico e local) e que poden beneficiar a emprendedoras/es.	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

17. A continuación sinálanse unha serie de factores que constitúen riscos ou dificultades ás que debe enfrontarse un/unha emprendedor/a para poder desenvolver un negocio propio. Escolle os **tres** factores que consideras máis negativos para o emprendemento: \*

- Falta do capital inicial necesario para poñer en marcha unha empresa
- Risco económico
- Falta de experiencia no negocio a iniciar
- Excesiva burocracia e altos impostos
- Temor ao fracaso do proxecto
- Dificultade para atopar persoal cualificado
- Salario non asegurado
- Tempo limitado para outras actividades, por ter que traballar moitas horas

18. Indica a continuación as **dúas** metas profesionais principais que tes en mente para o teu futuro profesional: \*

- Gustaríame seguir estudando, para continuar formándome
- Teño intención de atopar un traballo por conta allea, nunha pequena ou mediana empresa
- Gustaríame traballar por conta allea nunha gran empresa ou multinacional
- Desexo dedicarme a traballar nunha organización sen ánimo de lucro (ONG)
- Opositarei para ser empregado público (funcionario)
- Desexo ser emprendedor, traballando na miña propia empresa
- Gustaríame converterme no sucesor na empresa dos meus pais ou da miña familia
- Aínda non o teño decidido

19. Sinala se poderías contar coas seguintes apoios para levar a cabo no futuro un proxecto de emprendemento: \*

	Si	Non
A miña familia conta con recursos económicos que podería e desexaría investir no meu negocio	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Conto con aforros para poñer en marcha unha empresa propia	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Aceptaría compartir a miña idea de negocio cun socio capitalista, que aporte o diñeiro necesario para a posta en marcha do proxecto	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Conto co apoio da miña familia para pedir financiación bancaria grazas, por exemplo, a empregar os seus bens como aval bancario.	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

20. Valora se estás de acordo ou non coas seguintes afirmacións: \*

	1 Totalmente en desacordo	2 En desacordo	3 Bastante de acordo	4 Totalmente de acordo
O xénero do emprendedor inflúe nas posibilidades de éxito dun negocio	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
As mulleres teñen retos ou dificultades engadidas, como maiores responsabilidades familiares, que dificultan a posta en marcha dun proxecto de emprendemento	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Existen desigualdades e barreiras que afectan en maior medida ás mulleres á hora de emprender	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

O feito de que unha muller opte por desenvolver un proxecto de emprendemento propio pode supoñer problemas á hora de conciliar a vida familiar e laboral	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
As mulleres contan con menos apoios públicos para iniciar un proxecto de emprendemento	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Os homes teñen menos medo ao fracaso e a equivocarse que as mulleres	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

21. Valora a continuación, sendo 1 o valor mínimo e 4 o máximo valor, como cres que inflúen os seguintes factores no éxito de emprender un negocio propio: \*

	1	2	3	4
Ambición	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Formación académica	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Capacidade de traballo	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Iniciativa	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Creatividade e imaxinación	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Contar con boas influencias	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Experiencia profesional	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>
Persistencia	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>

22. Señala, a continuación, os **cinco** beneficios principais que consideras que che aportaría emprender un negocio propio: \*

- Autonomía á hora de tomar decisións
- Ter máis tempo libre
- Elección da localidade de traballo
- Priorizar a vida familiar
- Satisfacción laboral coa actividade profesional realizada

- Traballar ao meu propio ritmo
- Ser o xefe do meu propio negocio
- Aceptar un desafío
- Exhibir as miñas habilidades profesionais
- Obter recoñecemento social
- Obter altos niveis de renda
- Gañar diñeiro de acordo ao esforzo realizado
- Mellorar en calidade de vida

23. Sinala a continuación en que **tres** sectores económicos desexarías desenvolver un proxecto de emprendemento: \*

- Agricultura, gandería ou pesca
- Industria e enerxía
- Construción
- Comercio
- Transporte
- Hostalaría
- Banca e seguros
- Actividades inmobiliarias, de aluguer e servizos profesionais
- Educación
- Sanidade, veterinaria e servizos sociais

## 10.2. Índice de táboas e gráficos

Táboa 1 Número de empresas en España e Galicia segundo o número de asalariados (2021).....	9
Táboa 2 Alumnado matriculado en Formación Profesional en Galicia e España.....	18
Gráfico 1 Traballadores por conta propia en España 2006-2021.....	10
Gráfico 2 Taxas de ocupación femininas e taxas de natalidade en Galicia e España.....	15

Gráfico 3 Módulo ou módulos nos que o alumnado realizou algún curso, seminario ou acción formativa sobre emprendemento neste curso académico.....	28
Gráfico 4 Valoración sobre diversos contidos relacionados co emprendemento durante este curso académico.....	29
Gráfico 5 Preferencias do alumnado en relación ás estratexias metodolóxicas desexadas para a formación en emprendemento.....	30
Gráfico 6 Valoración do traballo realizado nos módulos cursados sobre diversas temáticas...	31
Gráfico 7 Avaliación dos coñecementos do alumnado sobre axudas públicas e recursos de apoio reais.....	32
Gráfico 8 Factores máis prexudiciais que constitúen riscos ou dificultades aos que debe enfrontarse un/unha emprendedor/a para poder desenvolver un negocio propio.....	32
Gráfico 9 Metas profesionais máis desexadas polo alumnado de cara ao seu futuro profesional.....	33
Gráfico 10 Disponibilidade dos seguintes apoios necesarios para levar a cabo no futuro un proxecto de emprendemento por parte dos/as alumnos/as.....	34
Gráfico 11 Opinión do alumnado en relación a diversas cuestións de xénero en materia de emprendemento.....	35
Gráfico 12 Valoración de mulleres e homes da seguinte afirmación: "As mulleres teñen retos ou dificultades engadidas, como maiores responsabilidades familiares, que dificultan a posta en marcha dun proxecto de emprendemento".....	36
Gráfico 13 Valoración de mulleres e homes da seguinte afirmación: "Existen desigualdades e barreiras que afectan en maior medida ás mulleres á hora de emprender".....	36
Gráfico 14 Valoración realizada polo alumnado de certos factores que inflúen no éxito de emprender un negocio propio.....	37
Gráfico 15 Principais beneficios de optar pola opción laboral de emprender un negocio propio.....	38
Gráfico 16 Sectores económicos preferentes para o desenvolvemento dun proxecto de emprendemento.....	39
Gráfico 17 Sectores económicos preferentes para o alumnado segundo o sexo do enquisado de cara ao desenvolvemento dun proxecto de emprendemento propio.....	39

### 10.3. Consentimento asinado do centro e das titoras

**AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE  
CONFIDENCIALIDADE PARA A ELABORACIÓN  
DESTE TRABALLO ACADÉMICO**



Apreciado/a Titor/a do grupo de 1º do Ciclo de Técnico en Xestión Administrativa do IES Macías o Namorado de Padrón.

Moitas grazas pola súa axuda e colaboración neste Traballo de Fin de Máster titulado *“Análise da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico Medio e Superior en Administración e Finanzas dende unha perspectiva de xénero: un estudo de caso”*. Esta materia, que pertence ao plan de estudos do Máster de Profesorado de Secundaria da USC, é dirixido pola profesora Raquel Mariño Fernández, quen avala oficialmente o compromiso de confidencialidade que asume e firma a alumna interesada en implementar diferentes instrumentos de medición en materia de investigación e innovación educativa.

O cometido principal deste compromiso é garantir sempre que os datos e información recollidos no cuestionario serán usados, única e exclusivamente, para fins académicos vinculados con este traballo académico.

O proxecto que se encadra neste TFM ten como obxectivo principal a análise da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico Medio e Superior en Administración e Finanzas dun centro educativo do municipio de Padrón, e dende unha perspectiva de xénero. En primeiro lugar tratarase de identificar como se forma a nivel curricular ao alumnado nesta competencia. Seguidamente, analizarase como valora o alumnado e profesorado a adquisición desta competencia. E, finalmente, buscarase coñecer, en clave de xénero, a percepción do alumnado e do profesorado sobre os beneficios que lle aportará no seu futuro profesional a adquisición desta competencia.

Por este motivo e mediante este documento, pedímoslle o seu consentimento a través do cal nos autoriza a poder gravar, analizar e empregar a información que vostede e o alumnado dos que é titora nos faciliten a través da entrevista e cuestionario, e sempre con relación á temática de estudo do citado traballo académico. A participación e colaboración neste traballo é voluntaria, anónima e confidencial, polo que nunca aparecerán nin o seu nome, nin ningunha información que permita revelar a súa identidade nin a de terceiros.

E para que así conste aos efectos oportunos, a alumna interesada firma o presente documento,

En Santiago de Compostela a 18 de Maio de 2022.


A alumna presente:

Dona: Silvia Chaves Freire (45860655-N).

**CHAVES  
FREIRE SILVIA  
- 45860655N**

Firmado digitalmente porCHAVES  
FREIRE SILVIA - 45860655N  
DN: cn=CHAVES FREIRE SILVIA  
- 45860655N gn=SILVIA c=ES  
Motivo: Soy el autor de este  
documento  
Ubicación:  
Fecha:2022-06-02 14:25+02:00

Asinado:

Dona: .....  .....

**AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE  
CONFIDENCIALIDADE PARA A ELABORACIÓN  
DESTE TRABALLO ACADÉMICO**



Apreciado/a Titor/a do grupo de 1º do Ciclo de Técnico Superior en Administración e Finanzas do IES Macías o Namorado de Padrón.

Moitas grazas pola súa axuda e colaboración neste Traballo de Fin de Máster titulado *"Análise da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico Medio e Superior en Administración e Finanzas dende unha perspectiva de xénero: un estudo de caso"*. Esta materia, que pertence ao plan de estudos do Máster de Profesorado de Secundaria da USC, é dirixido pola profesora Raquel Mariño Fernández, quen avala oficialmente o compromiso de confidencialidade que asume e firma a alumna interesada en implementar diferentes instrumentos de medición en materia de investigación e innovación educativa.

O cometido principal deste compromiso é garantir sempre que os datos e información recollidos no cuestionario serán usados, única e exclusivamente, para fins académicos vinculados con este traballo académico.

O proxecto que se encadra neste TFM ten como obxectivo principal a análise da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico Medio e Superior en Administración e Finanzas dun centro educativo do municipio de Padrón, e dende unha perspectiva de xénero. En primeiro lugar tratarase de identificar como se forma a nivel curricular ao alumnado nesta competencia. Seguidamente, analizarase como valora o alumnado e profesorado a adquisición desta competencia. E, finalmente, buscarase coñecer, en clave de xénero, a percepción do alumnado e do profesorado sobre os beneficios que lle aportará no seu futuro profesional a adquisición desta competencia.

Por este motivo e mediante este documento, pedímoslle o seu consentimento a través do cal nos autoriza a poder gravar, analizar e empregar a información que vostede e o alumnado dos que é titora nos faciliten a través da entrevista e cuestionario, e sempre con relación á temática de estudo do citado traballo académico. A participación e colaboración neste traballo é voluntaria, anónima e confidencial, polo que nunca aparecerán nin o seu nome, nin ningunha información que permita revelar a súa identidade nin a de terceiros.

E para que así conste aos efectos oportunos, a alumna interesada firma o presente documento,

En Santiago de Compostela a 18 de Maio de 2022.

A alumna presente:

Dona: Silvia Chaves Freire (45860655-N).

CHAVES  
FREIRE  
SILVIA -  
45860655N

Firmado digitalmente por CHAVES  
FREIRE SILVIA - 45860655N  
DN: cn=CHAVES FREIRE SILVIA  
- 45860655N, gn=SILVIA, c=ES  
Motivo: Soy el autor de este  
documento  
Ubicación:  
Fecha: 2022-06-02 14:26+02:00

Asinado:

Dona: .....



Rosa Te-Laura Martínez

**AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE  
CONFIDENCIALIDADE PARA A ELABORACIÓN DESTE  
TRABALLO ACADÉMICO**



Apreciada Vicedirectora do IES Macías o Namorado de Padrón.

Moitas grazas pola súa axuda e colaboración neste Trballo de Fin de Máster titulado *"Análise da competencia de emprendemento do alumnado dos ciclos de Técnico Medio e Superior en Administración e Xestión dende unha perspectiva de xénero: un estudo de caso"*. Este traballo, que pertence ao plan de estudos do Máster de Profesorado de Secundaria da USC, é dirixido pola profesora Raquel Mariño Fernández, quen avala oficialmente o compromiso que asume a alumna por este estudo de caso centrado no seu IES Macías o Namorado. Por este motivo, como vicedirectora do IES, pedímoslle o seu consentimento para poder mencionar o nome do centro e/ou alusións a fontes consultadas na web oficial, así como a diversos documentos oficiais cotexados na mesma.

E para que así conste aos efectos oportunos, asinan o presente documento,

En Santiago de Compostela a 09 de Xuño de 2022.

Asinado:

Dona Silvia Chaves Freire (45860655-N).

**CHAVES  
FREIRE SILVIA  
- 45860655N**

Firmado digitalmente por CHAVES  
FREIRE SILVIA - 45860655N  
DN: cn=CHAVES FREIRE SILVIA -  
45860655N, gm=SILVIA, c=ES  
Motivo: Soy el autor de este documento  
Ubicación:  
Fecha: 2022-06-09 17:55:02:00

Asinado:

A Vicedirectora, Dona Ana Ignacio Veiga.